



CONCELLO DE BARBADÁS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2018.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D^a MIRIAM PRIETO VALDES (P.P.)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (PP)

D.^a SANTIAGO GONZÁLEZ PEITEADO (DO)

D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 1 de OUTUBRO de 2018 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as.

Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ola. Boas tardes a todos e a todas. Benvidas e benvidos a este pleno do mes de outubro, pleno ordinario.

PARTE RESOLUTIVA:

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 4 DE XUÑO DE 2018

O Sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é a aprobación da acta do 4 de xuño de 2018. Algunha consideración que facer sobre este acta?, algunha emenda?. Ningunha. Votos a favor polo tanto, da acta do 4 de xuño de 2018.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si.

Sen máis sométese a o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo: “ **Aprobación da acta do 4 de xuño de 2018**”

2. MOCIÓN SOBRE ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE E DIVULGACIÓN DA DOENZA NO CONCELLO DE BARBADÁS. TEN A PALABRA A SEÑORA CONCELLEIRA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Segundo punto da orde do día é moción sobre atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no concello de Barbadás. Ten a palabra a señora concelleira.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Eu, como a última vez tivemos un pleno no que defendemos todos os grupos aquí presentes aprobar esta moción, pero previamente a iso queriamos falar coa xente, coas persoas da asociación. Tivemos unha pequena reunión con elas e entón, pois agora están elas aquí e eu cédolle a miña quenda de palabra a elas para que veñan elas a defendela.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Onde prefiren sentarse? Aí ten máis visibilidade, probablemente, que aí está nunha esquina.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ánxela, segues ti.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Eu creo que a moción a temos todos os grupos políticos. Unicamente se alguén lle quere dar lectura para, o Alcalde, se lle quere



CONCELLO DE BARBADÁS

dar lectura para que saiba tamén o público que está aquí?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo que a exposición que fixo a persoa que interveu agora mesmo foi moi clara e moi contundente. Penso que o que debemos facer referencia, fundamentalmente aos acordos que son esclarecedores tamén do que se pretende con esta moción. Dicur que esta foi unha moción que xa foi aprobada, ou boa parte destas medidas foron aprobadas polo Parlamento de Galicia no seu día e que non foron levadas a cabo polo goberno galego. Entón, ao que se insta dende o concello de Barbadás, se aprobamos esta moción, espero que sexa por unanimidade ou iso falamos, será para ben de todos e todas, é o seguinte: Os seguintes acordos. Primeiro, establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o Sergas no noso concello, facultativos de primaria e especializado, enfermería, matronas, fisioterapeutas e terapeutas. O punto un dous, garantir consultas específicas de endometriose suficientes para o número de afectadas da área, nos hospitais que acoden ás mulleres do noso concello de Barbadás e a derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se crean. Punto dous, crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxiáns xerais, con experiencia en cirurxía colorectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc, para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan. No punto dous, instaremos por escrito nos próximos trinta días, á Consellería de Sanidade a, dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara, o 22 de abril de 2015, sobre endometriose, e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza. Facilitar ás mulleres con endometriose, un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos, mellora nas listas de espera, facilidade para a conservación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de doazón destinadas a captar doantes na sanidade pública. O punto tres, instaremos dende o concello de Barbadás por escrito nos próximos trinta días, ao Ministerio de Sanidade, a convocar un consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose, no que se comprometan



CONCELLO DE BARBADÁS

investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina; incluír na carteira de medicación financiada, a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose. O cuarto punto, indica que o Concello de Barbadás comprométese a solicitar aos institutos de investigación públicos galegos, que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose. E no último punto, o Concello de Barbadás comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12 a 18 anos, nos centros educativos do noso concello, para dar a coñecer a doenza e para tratar de recortar, na medida do posible, o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo, cuxos contidos serán facilitados por Querendo Mulleres con Endometriose e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía. Penso que estes son os puntos que debemos votar a favor deles. Non sei se hai algunha intervención que queiran vostedes sinalar na súa quenda de palabra? Creo que está debatida no anterior pleno e que ademais está comentada nunha mesa de traballo coas afectadas, co colectivo afectado. Nada?. Votos a favor polo tanto?.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **Moción sobre a atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no Concello de Barbadás:** 1. O Concello de Barbadás instará por escrito nos próximos 30 días ao Sergas e á EOXI correspondente para que proceda a: 1.1 Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso Concello (facultativos de primaria e especializada, enfermaría, matronas, fisioterapeuras, terapeuras ...).1.2. Garantir consultas específicas de endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello de Barbadás e á derivación destas pacientes a áreas que existan mentres estas non se creen. 1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc..., para mellorar a atención nos casos máis



CONCELLO DE BARBADÁS

graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan. 2- O Concello de Barbadás instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de sanidade a:

2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza. 2.2 Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade avárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

3. O Concello de Barbadás instará por escrito nos próximo 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina. 3.2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose. 4. O Concello de Barbadás comprométese a solicitar aos Institutos de investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose. 5. O Concello de Barbadás comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso Concello para dar a coñecer a doenza, e tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querendo. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

3. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS, SOBRE MELLORA E ADAPTACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DO MUNICIPIO.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto pasamos ao segundo punto da orde do día, que é a moción do Partido, Terceiro punto, perdón, moción do Partido Popular de Barbadás, sobre mellora e adaptación dos parques infantís do municipio. Ten a palabra a



CONCELLO DE BARBADÁS

súa voceira ou voceiro.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos os asistentes ao pleno de hoxe. Moción do Partido Popular de Barbadás sobre a mellora e adaptación dos parques infantís do municipio. Os efectos do cambio climático xa son unha realidade. Os seus efectos están a provocar que os veráns e os invernos se prolonguen máis da conta, deixando ao outono e á primavera con menor presenza estacional. Isto se cabe, o sentimos de xeito máis acusado na nosa provincia, onde temperaturas máximas e mínimas, destacan doutras zonas do país. A nosa comunidade, de xeito regular, atópase entre as de maior número de días de choiva no ano, e iso, entre outros aspectos, provoca que os veciños e veciñas de Barbadás, poidan aproveitar en menor medida dos espazos ao aire libre. Durante os periodos habituais de choiva, os parques do noso concello, non poden ser utilizados por cativos ou maiores, xa que carecen de ningún tipo de cuberta ou infraestrutura que os protexa. Instalar unha cuberta en algunha das zonas dos parques, especialmente dos parques infantís, posibilitaría que puideran utilizar as instalacións todo o ano, ademais de diminuír o deterioro das zonas a causa da climatoloxía. Isto suporía ademais, un menor custo de mantemento e un aforro para as arcas locais. Por outra banda, nos meses de verán, fanse imprescindibles espazos con elementos que axuden a mitigar as altas temperaturas e que de xeito moi especial afectan aos nosos pequenos. O goberno municipal non foi capaz durante esta lexislatura, de melloras as piscinas municipais, senón que acadou que cada vez sexan menos atractivas, menos acolledoras, con menos servizos e con menos amplitude ca nunca. Barbadás non conta con ningún parque ou espazo infantil ao aire libre incluso, onde se compartan xogos e sentires, máis aló das condicións físicas, persoais ou sociais. Dende o Partido Popular de Barbadás, facémonos eco do sentir veciñal e trasladamos ao pleno municipal do mes de outubro de 2018 os seguintes acordos: Primeiro, iniciar un estudio sobre os parques e espazos de xogo infantil e de recreo dos maiores, onde se poidan realizar as seguintes actuacións: instalación de cubertas que permitan a utilización destes espazos en días de choiva. Instalacións de xogos de augas infantís especialmente indicados para días de altas temperaturas. Adaptación de espazos de xogo infantil con elementos inclusivos. E segundo punto, que tralo estudio realizado e de xeito inmediato se inicie o procedemento para facer realidade as devanditas demandas veciñais. O Partido Popular,



CONCELLO DE BARBADÁS

trae esta moción, debido ás demandas dos veciños, que nos piden, exactamente, que haxa algún parque que poida estar cuberto, debido a que aquí as choivas son bastante abundantes como nos pasou este ano, no 2018, que ata o mes de, finais de maio - xuño, case os nenos non puideron utilizar os parques. Facemos referencia tamén, como fixen na comisión informativa, ao parque que está, o parque infantil de Ourense, que realmente, pois fun a velo, está nunhas condicións moi boas, ten columpios para nenos con discapacidades. Aquí, realmente, temos esa carencia. Levamos, este goberno, leva tres anos e que realmente, pois non fixo, non temos ningún parque con estes elementos para estes nenos, non?. Os orzamentos non están aprobados para o 2019, por iso entendemos, e será unha das nosas peticións de que algún parque poida ser cuberto, despois destes informes que fagan os técnicos, si se pode cubrir algún dos que xa está, e para que se inclúan nun destes parques, ou en case todos, en todos os que se poida porque todos sabemos que dependemos dun orzamento económico, tiveron vostedes acceso ao remanente de tesourería, e neste momento, que saibamos non vai haber este tipo de parques, non?, con cuberta. Tamén, vemos que o parque infantil pois ten unha zona de augas. Aquí, realmente pois poderíamos ter algún parque, debido tamén ás altas temperaturas que temos en verán, un parque de augas, pois ao mellor nunha zona axardinada ou onde se poida, para que os nenos poidan corretear e mollarse e que realmente pois poidan gozar dese auga. Sempre en condicións óptimas, loxicamente, e de seguridade. E nada máis. Que isto quede como proposta do Partido Popular para os orzamentos do 2019 xa que co remanente de tesourería entendemos que segundo o que vimos non vai haber ningún parque que se vaia cubrir. Entón se queda algo do remanente de tesourería, pois realmente podíamos facer a petición dende aquí, hoxe é unha das nosas peticións ao orzamento do 2019. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben. Boas tardes a todas e a todos. Antes de falar sobre a moción, quixéramos preguntarnos quen convocou ou quen convoca o pleno, porque aínda hai tres semanas que celebramos un pleno e o grupo de goberno non trae ningún asunto na orde do día, salvo dous asuntos que se meteron e nas comisións informativas do xoves pasado. Entón, non sabemos por que se convoca o



CONCELLO DE BARBADÁS

pleno cando, se é o goberno ou quen é?. Se o goberno convoca un pleno será porque trae asuntos ao pleno para tratar. O pleno, recordo que foi convocado o luns pasado, e o goberno incluíu propostas ou dúas mocións, ou unha moción e unha providencia da alcaldía, o xoves. Entonces, se nos contestan nalgún momento, quen convoca o pleno?. Porque suposta mente, é a alcaldía a que ten a potestade de convocar os plenos. Sobre a moción, pois a ver, está moi ben o acordo, di “iniciar un estudio sobre parques e espazos de xogo infantil e de recreo”, porque tamén queremos saber, que nos digan que é o que queren cubrir. Simplemente a zona onde están os columpios, porque os parques, algúns son moi grandes. Teñen unha zona de columpios, teñen unha zona, ao mellor onde hai unha pequena para xogar ao fútbol sala ou unha canastra ou algo, e hai unha zona onde simplemente están os columpios, un columpio ou varios. Claro. E logo despois, hai parques onde é imposible poñer unha cuberta, porque están nas zonas rurais ao lado de, están ao lado de casas ou de, que habería que mirar esa cuberta, esa cuberta como sería, si sería algo metálico, algo con madeira e tella. Buf. A ver. Habería que saber como se executarían esas cubertas, para tamén quedar un pouco acordes co entorno e que non impediran, ao mellor, taparan a vista de casas que están ao lado, ou de edificios. Entonces, por iso o tema do estudio parece que está ben porque había que estudar, efectivamente, haberá sitios que pode ser posible iso e haberá outros sitios onde resulte imposible. E logo, todo o que sexa mellorar os parques, pois vamos a estar de acordo, vamos. Non podía ser doutra maneira.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Cando pasen as quendas de intervención ou cando peche, respóndolle eu a súa pregunta. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Boas tardes a todos, en especial ao público porque é unha alegría ver persoas que polo menos nos van a escoitar. A veces estamos sós, estamos sós nós e é un pracer ter público, a iso refírome, pero os demais tamén somos persoas. Dicur, señora Chelo, que a moción é interesante. É unha moción pois construtiva. Vexo que están pensando nos cativos do concello e é algo bo, e incluso nas persoas maiores. Iniciar un estudio?. Pois obviamente hai que facer un estudio para saber que parques se poden cubrir porque non todos os que temos, supoño, que se poderán cubrir. Pero tamén é ben certo que nós non podemos compararnos co Concello



CONCELLO DE BARBADÁS

de Ourense, xa que o noso presuposto é moi pequeniño comparado con eles. Oxalá tivéramos moitísimo diñeiro e puidéramos facer todas as obras que nos requiren os veciños, pero penso que é algo difícil porque os recursos son escasos e penso que hai que empezar a cubrir as prioridades máis importantes. Dicirlle que facer o estudio, si estamos de acordo porque se vemos o estudio e sabemos cales se poden arranxar, e sobre todo para saber que cantidade de diñeiro faría falta para este investimento. En canto ao tema, vostede nomea o remanente, realmente o remanente, como vostede ben sabe e sabemos todos, practicamente xa está adxudicado a moitas obras que non vai haber remanente para isto. Penso eu, non sei, pero a min os números non me saen do remanente para isto. Volvo a dicir que nos parece moi interesante, pero que nos gusta que as mocións que se aproben, que salgan adiante e que se fagan, non aprobalas por quedar ben diante dos compañeiros ou dos veciños. Entón, é unha moción que aprobar sen saber, sen saber, canto van ser os custos para o concello, ou se vostede os sabe e me pode dicir, aproximadamente porque a ciencia certa supoño que vai ser difícil que o saiba, máis ou menos de que custos estamos falando e se ao noso entender son uns custos asumibles, pois penso que é interesante. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Boas tardes a todas e a todos. Si que resulta raro que haxa público nos plenos pero ben. Cinguíndonos ao asunto que nos, que presenta o Partido Popular, temos que dicir que cando os oito concelleiros asumimos responsabilidades de goberno, atopámonos cunha situación, no que se refire a parques, verdadeiramente desoladora. Lembrámoslles tamén, que vostedes deixaron practicamente todos os parques en terra, practicamente. Ou nalgúns casos, deixáronnos en herdanza, parques con baldosas de caucho que non sabemos se as pegaron con vapor de auga porque non estaban pegadas. Os nenos lastimábanse. Quedábanlle os pes metidos entre as baldosas, e ou ben non se instalaron ben, non se fixo un seguimento da execución da instalación das baldosas de caucho, ou algo aconteceu. A visión desoladora continúa cando chegamos ao parque da Casa da Cultura, un parque verdadeiramente residual, e atopámonos xa aos poucos días de tomar as rendas do goberno, cun van-van, con dous columpios totalmente precintado dende había meses.



CONCELLO DE BARBADÁS

Foi obxecto tamén de crítica por parte dos grupos da oposición durante a campaña electoral, Partido Popular non tomou decisión algunha ao respecto, máis que precintalo. Iso é moi fácil. Un precinto pode ir calquera de nós, calquera dos membros do grupo de goberno, calquera operario da brigada e das brigadas de obras ou de xardinería e precintalos. A policía local tamén o precinta. E seguimos con este, con este ambiente nos parques infantís que tanto lle preocupan agora, con este ambiente holocáustico. Imos ao parque de Area Gorda, non sei se saben vostedes onde está, está debaixo do parque das Searas, e tamén nos encontramos un solo elemento, algún en moi mal estado, e un deles, sorprendentemente, un tobogán que non tiña escaleira para subir a el. Esa é a visión que nós, coa que nós nos atopamos e evidentemente, á maioría delas xa lle puxemos remedio. E encontrámonos con parques, como os dous parques dos Amieiros, a escasos centímetros dun vial, incumprindo a normativa europea, sen valar. Fixemos un arduo traballo durante estes tres anos, para mellorar todos os parques do municipio e evidentemente aí está o antes e o despois. Pódeo ver calquera persoa ou calquera usuario ou usuaria de calquera destes parques. Non só en A Valenza, actuouse noutra zona residual coma era o parque de Bahamonde que se tratou de revitalizar, déuselle colorido, que é o fundamental tamén para chamar a atención e que os nenos vaian ás zonas infantís. E fundamentalmente, a política deste goberno, dos oito concelleiros que formamos este goberno, foi sempre, ofrecer aos nenos e ás nenas deste concello, parques modernos, por iso se optou pola implantación do pavimento continuo de caucho. Fixéronse melloras nos parques en Piñor, en dous parques en Piñor, melloras no parque de Parada. Fixéronse melloras nos parques de A Valenzá, fundamentalmente en dous grandes parques. O que comentaba antes no parque da Casa de Cultura onde antes non ía practicamente ningún neno. Era o lugar onde os adolescentes se reunían, porque era un lugar recóndito, totalmente abandonado, sen presenza policial, nin vixilancia e que non tiña nada que ofrecerlle aos nenos e nenas. Un parque ademais moi atractivo porque é un parque urbano, o que se coñece como un parque urbano, onde os nenos están lonxe da circulación, entón lonxe de perigos. Pois ese parque foi transformado como vostedes todos saben. Púxose pavimento continuo de caucho, mesturouse con céspede artificial e ao mesmo tempo, déuselle colorido coa implantación de grafittis infantís. Tamén se lle deu a importancia que merecía ao parque da Solaina, un parque



CONCELLO DE BARBADÁS

que os pais levaban anos demandando que se convertera nun lugar máis limpo e que se adaptara á normativa implantando tamén, o pavimento continuo de caucho. Instalouse a demandada tirolina por todos os nenos e nenas deste concello, que pedían tirolina como tiñan en concellos coa metade de habitantes que Barbadas. E este foi o traballo que fixemos nos parques durante todos estes anos. vostedes tiveron, algún de vostedes só catro anos para facelo, como foi o caso da señora concelleira, da anterior concelleira de parques e xardíns, só tivo catro anos para facelo, pouco tempo ao mellor. Nós en tres, xa ven todo o que fixemos, toda a transformación que fixemos en parques. E no caso de Consuelo Vispo tivo oito anos para intentar transformar algún dos parques

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Na seguinte intervención xa irei máis polo miúdo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Chelo Vispo. Ten tres minutos nesta quenda de intervención.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. Señora Victoria Morenza, vostede contestoume a algo desta moción? Vostede deu un mitin aquí, aparte, a ver, un mitin do que vostede fixo en tres anos. tamén recórdolle que o Partido Popular, durante oito anos, refírome aos oito anos que estiven neste goberno, e a miña compañeira catro, vale?, bastante fixemos cos parques sen ter un só euro. Vale?. E vostede contéstame, vostede, vamos a ver, díxome todo o que fixo nos parques. É a súa obriga, señora Victoria Morenza. Leva tres anos gobernando. Tres anos e medio, vale?. perdoe, eu estou na oposición, vale, eu estou na oposición. O grupo Popular, recórdalle, non sei se o sabe, vale?, aínda que vostede di que é herdanza do Partido Popular todo o que lle deixaron... Mire, todos os parques que se encontrou o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista que goberna neste momento, é herdanza do Partido Popular. Todo ten un deterioro, e sobre todo coa inclemencia do tempo que temos aquí, en Galicia, vale?. Vostedes son responsables de arranxalo e de melloralo. Recórdolle que o parque da Solaina, o Partido Popular, xa tiña o proxecto feito para recuperar todo ese parque. Ou sexa, non se poña vostede a medalla. Os demais? Ata pódolle dicir que si, pero o parque da Solaina, xa tiñamos nós o proxecto feito e está a miña compañeira aquí detrás que o pode verificar. Mire, e voulle dicir máis, non me diga vostede do parque da Casa de



CONCELLO DE BARBADÁS

Cultura, vale?, do parque da Casa de Cultura, vostedes parecen os salvadores, aquí, dos parques infantís, cando non se referiron en nada á moción que traemos. A dicir, pois si, teñen vostedes toda a razón e vamos a intentalo. Non ouvín nada, espero que na segunda intervención si o oia. Vale? Pero voulle dicir unha cousa, salvadores do mundo mundial, señora Victoria, vale? O parque da Casa de Cultura, neste momento ten un problema e unha denuncia dos veciños do edificio do lado porque vostedes picaron a impermeabilidade dese parque. Vale? Vostede, que tanto tal, inundóuselles todos os garaxes a esa casa, e presentaron unha denuncia. Ou sexa que vostede non me vaia de que todo está perfecto neste concello cando vostedes llo dixeron por activo e pasivo ao señor Alcalde que está sentado aquí á miña esquerda, dixéronllo veciños, e non fixeron absolutamente nada ata que pasou o do 8 de setembro, a inundación dese garaxe e da metade dos coches que aí había, vale? Ou sexa que non me vaia vostede de salvadora. Pero mire, espero ouvir que para o orzamento 2019 que como ben dixo a miña compañeira aquí, Fina Varelas, o remanente de tesourería, non se utilizou un só euro para este motivo, vale?, para o que traemos nesta moción aquí, hai outras cousas máis importantes, pero vostedes, deixámolo aí, con arranxar catro ou cinco parques xa temos a solución dos parques arranxada. Non é así, señora Victoria. Hai que mellorar. O Partido Popular, o que trae con esta moción, e contéstolle a vostede, señor Padrón, non poñemos obxeccións, nós non sabemos o estudio, non temos diñeiro para facer un estudio, señora Fina Varelas, para cubrir, saber o que pode cubrir, a zona que se pode cubrir, ou que parques se poden cubrir, vale? Entón, para iso traemos a moción

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Un minuto solo, instalación de cubertas que permitan a utilización destes espazos. Iniciar un estudio, un estudio, vale?, iniciar un estudio, pero nós non somos técnicos para sabelo. Terá que realizalo quen está gobernando hoxe. Eu soamente, o Partido Popular, trae melloras para os veciños de Barbadás neste caso os nenos e os maiores. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Chelo Vispo. Señor Ramón Padrón, está na súa quenda de palabra. Ten tres minutos, tamén. Ramón, Ramón, Ramón, está na súa quenda de palabra. Empece. Ou empezo.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Preguntaba se...nada, é igual. Ben, hai



CONCELLO DE BARBADÁS

que recoñecer que de tres anos para aquí os parques melloraron bastante con relación ao que había antes. Hai que ser, hai que dicir a verdade, iso non o pode discutir ninguén, vamos. Con relación ao que, ben, pero tamén hai que lembrarlle á señora Morenza, que aínda hai unha aldea deste concello que non ten ningún elemento de xogo para os nenos, e tamén pasaron tres anos e cos cartos que tiveron na man, pois esa aldea segue sen ningún elemento, nin o primeiro. É Santa Uxía. Para lembrarllo. Entón pois, son dúas cousas. Por unha parte, a mellora é indiscutible, por outra, que parece que se esquecen que Santa Uxía pertence a este concello. Quero dicirlles tamén que, segundo dixo a señora Varelas sobre comparar a Barbadás co concello de Ourense, mellorar os parques, pódense mellorar tranquilamente, non fai falta compararse co concello de Ourense, porque aquí en Barbadás facemos cousas que nin o concello de Ourense as fai. E nós, gastamos os cartos delas sen ningún tipo de problema. Polo tanto, se hai que gastar nun parque tamén se gasta, simplemente é unha decisión do grupo de goberno. E en relación ao que dicía antes, é unha moción, pois a aprobar por que é moi xenérica, di un estudio, pois claro, que un estudio, porque non, vai a ser posible, ao mellor algunha cuberta nalgún parque, en todos xa vai ser imposible. E se vamos a poñer unha cuberta nalgún parque, hai que facer un estudio serio porque ao mellor ata en ningún se coloca porque cando chove, ninguén vai aos parques. Ninguén vai cos rapaces ou cos nenos aos parques un día que está chovendo. Entón, pois o único algún parque dunha zona de A Valenzá moi concorrida, pois que si que efectivamente, que poida ser posible instalar un tipo de cuberta onde están os xogos infantís. Está claro que non vamos a cubrir os xardíns nin nada diso, porque non, a ver como vai medrar a herba se non lle dá o sol. Instalación de xogos de auga infantís? Pois tamén haberá que mirar se eses xogos de auga necesitan persoal que teña que estar alí para velar do uso que se fai desas instalacións, ou se poden quedar alí, á responsabilidade dos pais cos nenos que están alí.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señor Ramón. Van tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Si, vamos votar a favor pero teríamos que ver ese estudio, eses proxectos, cando se leven a cabo e saber se estamos de acordo ou non, pero en principio por un estudio si que vamos a votar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro de Democracia Orensana.



CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Dicir que para min esta moción ten dúas partes. Primeiro, o iniciar un estudio bo sobre parques e espazos de xogo infantil. Niso estamos de acordo porque facer unha cousa antes de facela, pois os estudos hai que facelos, obviamente, a que parques se poden facer e con que diñeiro fai falta para facer estas obras. Pero o que, o segundo punto, é co que non estou de acordo, porque claro, imaxínese señora Chelo, que volvo a dicir que estou de acordo en que se pense na xente, nos nenos pequenos e nas persoas maiores, pero vostede pon que tras o estudio realizado e de xeito inmediato se inicie o procedemento para facer realidade isto. Vostede imaxínese que se fai un estudio onde isto ascende a unha cantidade de diñeiro moi importante, pois ao mellor o concello de Barbadás, non está, non hai presuposto para facelo. O estudio, si, pero a vinculación de acabar o estudio e facer isto sen saber que nos vamos atopar no estudio, é moi arriscado. Vostede imaxínese, pois que digan, vale, pódense cubrir tres parques infantís, moi ben, vou dicir unha cantidade por dicir porque non sei o que pode valer isto, pero imaxínese que nos saen pois 200 ou 300.000 euros, pois hai que saber se temos o diñeiro e de onde se vai sacar para facer estas obras, porque si se aproba a moción tal cal ben aquí, hai que facer o estudo e poñerse inmediatamente á obra. Entón, non me parece unha cousa con outra por iso eu lle preguntaba a vostede, se sabían aproximadamente canto eran os custos desta obra porque se é un custo que ao noso entender o concello o pode asumir, nós vamos a votar a favor, pero votar a favor dunha, votar a favor dunha moción que pódenos vir cuns custes altísimos sen saber a realidade, nós non podemos votar a favor por ese motivo porque vostede pono aquí ben claro, que tralo estudo realizado e de xeito inmediato se inicie o procedemento para facer realidade, Entón, non, unha con outra non o vexo, sen saber o que vai gastar. A idea é boa, moi boa, penso que para os nenos e as persoas maiores é boa porque como vostede ben di a inclemencia do tempo aquí no concello é bastante grande pero volvo a repetir, o diñeiro é moi importante e a ver de onde se saca. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra a concelleira, señora Victoria Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Ben, a min gústame seguir facendo memoria xa que á señora Consuelo Vispo tamén lle gusta facelo. Lémbrolle que foi



CONCELLO DE BARBADÁS

durante o goberno do Partido Popular, cando o Partido Socialista estaba na oposición, nun concello dos que máis medra en Galicia, creo que debe ser o segundo que máis medra en Galicia, vostedes nos parques infantís, non tiñan nin asentos cuna, nin o primeiro asento cuna, e foi unha proposta do Partido Socialista naquel momento, non sei se o señor Alcalde me pode dicir a data aproximada, se foi en 2007, 2008, cando o Partido Socialista presentou unha proposta para que se implantaran asentos berce nun dos concellos con máis natalidade de Galicia e tivérono que aceptar porque vostedes non eran capaces de facelo, e agora preocúpanlle os parques, paréceme ben, a nós tamén nos preocupan, xa lle digo que fixemos obras en todos os parques de todo o concello. E a nós o que nos preocupan son os feitos, eu falo de feitos, vostede fala de parques e eu falo de feitos, do que se fixo, non do que non fixeron vostedes, do que nos deixaron para que fixéramos nós. E lembren vostedes tamén, facendo memoria, que vostedes co diñeiro do que tanto alardean do remanente de tesourería, ían gastar, creo lembrar 400.000 euros, non sei se os meus compañeiros mo poden precisar mellor, na curva das Escorregas, que está moi ben, que hai que corrixir a ponte das Escorregas, hai que buscar un financiamento ou hai que investir aí diñeiro, pero non as contías mastodónticas que vostedes tiñan pensado investir. Non lle preocupaban os parques naquel momento. Todos os nenos, mil nenos neste concello, nese momento non lle preocupaban. E dicirlle que si, no remanente de tesourería imos investir 114.000 euros en parques, en Vilaescusa, na Seara, en Leiteiras, no parque Leiteira, na Finca Fierro, lugares que vostedes deixaron. Imos pouco a pouco, en tres anos xa lle demos unha voa volta como diría algún compañeiro meu a este concello no que a parques se refire. E lembrarlle tamén, o toque de color que tampouco lles gusta en moitos lugares públicos e de lecer neste concello, como pode ser a presenza de graffitis no parque da Liberdade e no parque dos Patos. E sobre o tema de Santa Uxía, dicirlles que si está agora mesmo, non sei se xa, exactamente, en que momento está o formalismo burocrático para iniciar as obras no lavadoiro de Santa Uxía que inclúe a instalación de elementos infantís e habilitación dunha zona infantil e instalación de elementos bio saudables nesta pequena parroquia. Dicirlle tamén que se non se fixeron investimentos anteriormente foi porque indicóusenos que estaba afectado pola Confederación Hidrográfica e o proxecto tivo que ser informado para que logo finalmente, creo que isto xa o expliquei nalgún pleno,



CONCELLO DE BARBADÁS

pero volvo a lembrar que foi precisamente a Confederación Hidrográfica a que dixo que non estaba afectada pola execución de obras neste lugar e entón isto foi o que retrasou o proxecto por iso non se puido levar a cabo no anterior remanente de tesourería. E despois, dicirlle tamén que en xogos de auga estamos traballando neles. Nós estamos traballando dende o 28 de febreiro na implantación dunha zona de xogos de auga e xa traballamos con varias propostas e coas dúas principais empresas que hai en España para a implantación de xogos acuáticos. Evidentemente

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que ir rematando señora Victoria.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Si facemos os nosos deberes. Sobre as pistas cubertas, xa hai agora mesmo unha pista cuberta en Sobrado que para esa zona si da cobertura

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): E seguiremos estudando a posibilidade de instalar este tipo de cubertas para zonas infantís.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Chelo Vispo, ten un minuto.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Imposible contestarlle a todos nun minuto, pero

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero é o que nos marca o regulamento, señora Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Xa, xa. Señora Fina Varelas, vamos a ver, despois dunha coma, se deixa un espazo. Vale? “Que tralo estudo realizado” quere dicir que eu dixen claramente cando expuxen isto que co orzamento porque non hai remanente de tesourería, que co orzamento do 2019, se inicie este estudo e que valorando que haxa orzamento do 2019, se faga esta cuberta, para un parque ou o que poida ser. Ao mellor non é, pero hai que facer un estudo, é aprobar esta moción. Nada máis. Para que se inicie o estudo. E despois diso, ver se hai orzamento real no 2019, para poder facelo e se podemos, a corporación o ve correctamente. Nada máis. É soamente iso. Mire señora Morenza, todo o fan, pero co remanente de tesourería non se fixo absolutamente nada. Vale? Si, si, ensíname vostede unha foto, tamén lla poden ensinar eu.

A Sr. Morenza toma a palabra (PSOE): Son probas de que estamos traballando...

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa terminou a señora Chelo Vispo a súa quenda de intervención última e polo tanto non cabe réplica máis ca do Alcalde. Voulle ter que contestar en primeiro lugar ao señor Ramón Padrón. Mire, traslado de convocatoria a



CONCELLO DE BARBADÁS

pleno, polo señor Alcalde. Queda evidenciado quen o convoca. Pero, vamos máis alá. Ou imos máis alá. Mire, este pleno convócase conforme ao regulamento municipal. Este pleno convócase conforme ao regulamento municipal que está establecido neste concello e que ademais votaron todos vostedes. Todos e todas. E que foi ademais negociado por todos e todas os concelleiros e voceiros e voceiras deste concello, deste pleno. Pero ben, que excepcionalmente se convoque o pleno de setembro con retraso, ven motivado porque xa llo expliquei nas comisións, se quere reitérollo de novo, ven motivado porque as comisións informativas cadraban nun xoves e era o mes de agosto, e no mes de agosto había persoal deste concello que estaba de vacacións, e ademais había concelleiros e concelleiras que tamén estaban de vacacións. Non creo que teña moito máis que explicar. É unha cuestión ben sinxela. Non se convocaron neste pleno, neste concello, perdón, os plenos fóra das datas estipuladas no regulamento, máis que por causas extraordinarias, porque coincidan ao mellor con algunha ponte, porque ao mellor coincidan con ausencias de funcionarios, funcionarias, que non podían acudir e que eran imprescindibles para a realización de pleno. Non hai moita máis explicación que darlle, señor Ramón. Voulle contestar tamén á señora Chelo a algunha cuestión. Mire, este Alcalde estivo reunido, estivo reunido non, non é certo, coincidiu visitando a Casa de Cultura con algún veciño e veciña do edificio que está afectado ou que está a carón do parque da Casa de Cultura. Mire, hai un informe de técnicos municipais en relación a ese parque e a eses anegamentos. Eses informes, en principio, senón me equivoco, senón me equivoco, indican que non hai ningunha responsabilidade do concello en relación a esas posibles inundacións. Non a estas en concreto. Estas con máis razón aínda, polas circunstancias na que se produciron, pero as indicacións ou as argumentacións que eles dan, eses veciños e veciñas que dan de que é responsabilidade do concello porque o parque está mal construído véñense abaixo dende o momento que hai un informe técnico. Eu falei con esas persoas, indiqueille o que tiñan que facer, que é o que se fai normalmente, cando hai un informe técnico e que si eu ademais vou en contra dese informe técnico e actúo, actúo prevaricando. Elaboren un informe técnico custeado pola comunidade de propietarios e se digamos é contrario ao que se indica polo informe do concello, dos técnicos do concello, pois podería nomearse un terceiro perito ou profesional. Non o fixeron. E vostede sabe cales son os problemas internos



CONCELLO DE BARBADÁS

que ten esa comunidade de propietarios? Sabe vostede que esa comunidade de propietarios non está constituída, por exemplo? Pois entón, primeiro temos que facer todos o traballo. Nós actuaremos nese parque se hai unha responsabilidade, non, non, non me refiro a vostede, non está constituída segundo me dixeron a min. A min é o que me dixeron. A min é o que me dixeron. Non está constituída, os garaxes, perdón, os garaxes, non está constituída. Pois os garaxes son os afectados e os prexudicados, señora Chelo. Non está constituída a comunidade de propietarios dos garaxes. Eu infórmoa por se acaso. Entón, que fagan tamén, os copropietarios que fagan, os copropietarios que fagan o seu traballo tamén. E considero que aquí o que teñen que facer é, hai un informe do concello, duns técnicos do concello, que rebatan outro informe se é que hai que rebatelo, que ao mellor coincide co do concello, ou non. Que fagan o seu informe e despois veremos como teremos que actuar. Veremos como teremos que actuar. Mire, con relación á súa en si, voulle dicir unha cousa. Mire, aquí, levamos seis plenos infantís, seis, nesta lexislatura, seis plenos infantís. E en todos os plenos interviñeron os rapaces e as rapazas libremente, libremente, e saben cantos, e mo expuxeron tamén a min persoalmente na rúa, eh!, non fan falta tamén plenos infantís para iso, e o único parque cuberto que se demanda é a cancha da Solaina. A cancha deportiva da Solaina. A única. A única. Ben. En urbanismo, pode, pode, non digo que os haxa, pode haber problemas para a súa cubrición, para a súa cubrición porque hai edificios ao carón. Hai edificios ao carón. Hai edificios ao carón. Señora Chelo, eu estou dicindo o que din aquí. O que din aquí. O que din aquí. Xa acabei. Está rematado. Xa está. Esta é a intervención que tiña que dicir. Iso é o que trasladan os cativos e cativas a este pleno, en plenos infantís. Non houbo outra demanda. Polo tanto, votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular e Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións? O resto. Votos en contra, non hai polo tanto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PP e Grupo Mixto e as abstencións de PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourensana o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular sobre a mellora e adaptación dos parques infantís do Municipio: 1- Iniciar un estudo sobre os parques e espazos de**



CONCELLO DE BARBADÁS

xogo infantil, e de recreo dos maiores, onde se poidan realizar as seguintes actuacións: instalación de cubertas que permitan a utilización destes espazos en días de choiva. Instalación de xogos de auga infantís, especialmente indicados para días de altas temperaturas. Adaptación de espazos de xogo infantil con elementos inclusivos. 2- Que tralo estudo realizado, e de xeito inmediato se inicie o procedemento para facer realidade as devanditas demandas veciñais.”

4. MOCIÓN DO PP DE BARBADÁS SOBRE A PROBLEMÁTICA EXISTENTE EN RECURSOS HUMANOS E AS NEGOCIACIÓNS SINDICAIS.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Cuarto punto da orde do día, é a moción do PP de Barbadás sobre a problemática existente en recursos humanos e as negociacións sindicais. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. Boa tarde a todas e a todos. Especialmente ao público asistente pois como ben dicían os meus compañeiros e compañeiras, hoxe é máis numeroso que outros días. O motivo de por que hoxe é máis numeroso ca outros días, non é habitual, que sexa numeroso, é polos horarios do pleno, de celebración destas sesións. Vamos a ver. A moción que traemos hoxe aquí, practicamente, non sería necesaria nin expola, senón que a está expondo todos os responsables dos traballadores e estes mesmos a día. Os xornais, de non hai moitos días, remarcaban que as negociacións a nivel sindical, non se están producindo dende o mes de xaneiro. Paso a dar conta da moción que hoxe expomos. En todo o que vai de lexislatura, o goberno municipal só pretendeu agocharse tras unha falsa maquillaxe, que non logra ocultar os problemas de recursos humanos que sofre este concello. Dende o Partido Popular denunciámos en varias ocasións, sen ir máis lonxe en xullo do ano pasado, a parálise que sofre a administración municipal. O gasto que supuxo a inexistente RPT, 18.000 euros, os problemas e conflitos laborais, o despilfarro na creación da cobertura na praza de tesoureiro, ese é outro tema que falaremos máis adiante. Ante estas denuncias, con falsas alarmas e todo vai ben, foi todo o que lle escoitamos ao señor Valcárcel, que non Alcalde, e non é un erro de transcripción o que estou lendo, por que? Pois porque xa indicamos en varias ocasións que o BNG lle roubara dende o primeiro día o timón para navegar sen rumbo, coa responsabilidade que



CONCELLO DE BARBADÁS

lles toca aos dous grupos que nos acompañan na oposición, Democracia Orensana e Compromiso por Barbadás, que sempre miraron cara outro lado. Compre recordar que hoxe os grupos da oposición supomos a maioría de representación nesta corporación. Denuncian tamén as organizacións sindicais, que dende principios de xaneiro, non se retomaron as mesas de negociacións e se bloquearon por parte do goberno, asuntos tan importantes como o acordo regulador do persoal funcionario ou o convenio do persoal laboral. Iso si, o único que lles ten preocupado ata o de agora, foron as bases de contratación, pois a través das mesmas logramos enchufar, e dígo así, enchufar a membros de listas electorais, familiares dos mesmos, e incluso veciños do mesmo edificio en distintos postos con contratacións laborais. E disto tamén daremos conta máis adiante. O persoal co que conta esta administración municipal,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Prosiga, por favor. Ánxela, Ánxela, que prosiga o señor Manuel. Van dous minutos vinte. Prosiga.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Señor alcalde, supoño que me restará o tempo de interrupcións.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por suposto que si, prosiga.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): O persoal co que conta esta administración municipal está a atravesar por distintos problemas organizativos e estruturais que precisan de atención. As súas reivindicacións laborais deben ser tidas en contra e non tratar de agochalas nunha produtividade inaxeitada e sen criterios obxectivos, pouco equitativa e que o único que fomenta é a diferenza entre traballadores e traballadoras do concello. Non podemos esquecer que o benestar laboral dos traballadores municipais afecta substancialmente ao servizo que se lles debe ofrecer á veciñanza. E aquí vou falar a favor de todo o persoal que aínda coas circunstancias laborais coas que se atopan, eh, e a falta de xestión deste goberno nos seus asuntos, están a facer unha labor encomiable. Por elo presentamos ao pleno, para a súa aprobación, os seguintes acordos. Retomar de forma inmediata as mesas de negociacións sindicais e que nas mesmas teñan cabida os representantes dos distintos grupos municipais co fin de abordar en conxunto os problemas laborais que está a sufrir esta administración municipal. E insisto sempre moito, no punto número dous, que teñamos cabida en todas estas mesas, tanto nas sindicais como xa indicamos nas de seguridade, e noutras doutros tipos de contratación



CONCELLO DE BARBADÁS

e demais, porque é a única maneira de que todos saibamos o que se coce, a realidade, e o que expoñen estes representantes e o que expoñen os traballadores. E non cada un, a min dinme unha cousa, a min dinme outra. Non, non, estamos todos e sabemos todos de primeira man, cales son as súas reivindicacións. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, está na súa quenda de palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Grazas. Vamos a ver. En primeiro lugar, coma na anterior moción. Acordos, retomar de forma inmediata as mesas de negociacións sindicais, estamos de acordo. Se están rotas, como nós decatámonos polos xornais porque a nós, temos que dicir, que ningún representante sindical se puxo en contacto con nós durante este ano. E segundo punto, que nas mesmas teñan cabida os representantes dos distintos grupos municipais co que abordar xuntos os problemas laborais que está a sufrir esta administración municipal, tamén estamos de acordo porque cantos máis esteamos aí para resolver estes problemas, mellor. Agora, co que veñen aquí, o Partido Popular, a RPT, sabe ben vostede que vale máis de 200.000 euros, débenos saír ao concello de Barbadás, facer unha RPT, en consecuencia. Polo tanto, algún apoio debíamos ter doutras administracións para levala a cabo. Non son 18.000 euros. A RPT, que nós saibamos, necesítanse máis de 200.000 euros para facela. Queremos que o grupo de goberno, dea explicación transparente, agora mesmo, no pleno, de todas estas acusacións de ruptura de mesas sindicais e do que está pasando no concello co tema dos traballadores. Agora é unha boa oportunidade para falar aquí as cousas claras. Din vostedes despois, pois a través das mesmas, ou sexa as bases de contratación, logramos enchufar a membros de listas electorais, familiares dos mesmos e incluso veciños do edificio en distintos postos de contratacións laborais. Creo que se están referindo ao grupo de goberno con isto. Isto é moi grave. Expliquen vostedes que está pasando porque se isto é verdade, o grupo de goberno vamos ver que di a continuación, sobre estas acusacións. E logo dicirlles tamén, dende o noso grupo, sen saber nada das reviravoltas que hai aquí dentro deste concello que a visión que temos nós é que aquí sempre se fixo todo mal. Cremos que moitas cousas que pasan agora, pois ven dunha mala administración, xestión dos anteriores gobernos, por cousas que aparecen. Entón, está claro que o punto que despois traen co acordo de representantes de todos, pois a ver se dunha vez por todas se logran arranxar todos estes problemas e isto



CONCELLO DE BARBADÁS

non sexa motivo de debate político aquí. E cando di vostede que miramos cara outro lado, vostede non sei porque hoxe mira tamén cara outro lado porque estivo todo o tempo na súa intervención mirando para outro lado, en vez de para onde mira habitualmente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Fina, está na súa quenda de palabra. Ten cinco minutos.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Dicirlle ao señor Manuel que o fondo da moción, gústanos, como non pode ser doutra. É certo que hai traballadores do concello que están pois descontentos. A nós si nos ten chegado información. Sabemos de que, non sabemos dende exactamente que dende xaneiro non había reunións, pero sabiamos que non se estaban facendo, o cal me parece moito tempo as cousas paradas. As cousas cando se inician non se poden deixar en stand by tanto tempo. Unha por un lado, por outro lado dicirlle ao señor Manuel que a min non me meta en saco ningún porque estou ata as mesmas de que, eu non teño responsabilidade ningunha de goberno. eu non apoiei a este goberno para facer alcalde ao alcalde actual. Entón, a min, se ao señor Padrón lle quere dicir, dígalle o que queira, pero a min non me meta neste saco, non me meta para defender unha moción súa, atacarnos a nós porque desvirtúa un pouco o sentido da súa moción. Porque cando se fan as mocións penso que vostedes fanas serias pero aquí, gústalles, vamos a colala, vamos facelo nós ben e estes son tontos que non se decatan de nada. Pois non. eu sempre son consecuente co que voto. Votarei mal, votarei ben, pero voto falando co meu compañeiro e facendo sempre o mellor pola veciñanza. Por un lado iso. Por outro lado, vostedes acaban de dicir aquí algo, ao meu entender, moi grave. Están acusando ao goberno actual, de enchufismo. Vostedes se teñen probas, vaian ao xulgado, porque eu penso que a mellor forma, cando hai así, é denunciar. O que non pode ser é, vamos votar isto así e a ver que pasa. Non. se vostedes, os señores do PP, teñen costume de insinuar, e a min paréceme un pouco feo, insinuar sen haber probas porque acusar, sen probas, é grave. E se as teñen, por favor, lles pido, como Democracia Orensana, que denunciem xa, que non esperen ao mércores, que mañá é martes e vaian a denunciar ao xulgado. Nin dubido nin deixo de dubidar. Simplemente, o traballo da oposición, eu se tivera probas que o goberno está facendo iso, eu mañá ía poñer unha denuncia, téño clarísimo. Independentemente que moitos dos compañeiros



CONCELLO DE BARBADÁS

do goberno me leve moi ben con eles, pero o meu traballo de oposición, e se sei de algo que se está facendo mal, dar a cara e denunciar. Dicur que a moción, si, porque estamos de acordo, porque sabemos o que piden moitos funcionarios, xente que está traballando, que para haber malos entendidos entre eles, é mellor facer as cousas ben. Que se retome dunha vez por todas a mesa de negociación, que non se estea nove ou dez meses parada, porque iso case é como rompela. Pero volvo dicir, señores do PP, non metan a todos dentro do mesmo saco porque non todos somos iguais. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Creo que me toca a min falar. Creo que si. Mire. Vamos empezar ou vou empezar punto por punto. Primeiro punto. Ai, si tamén teño que poñer o tempo para min, é certo. Que se bloquearon por parte do goberno asuntos tan importantes como o acordo regulador do persoal funcionario, do convenio laboral. Mire, hai un negociador, un intermediario, como lle queiramos chamar, externo, que foi proposto polos sindicatos. Ese señor, ten nome e apelidos, pero ademais é que ten un traballo, desempeña un traballo habitualmente na súa vida cotiá. Resulta que hai pouco tempo foi nomeado xerente da Universidade de Santiago, coa carga laboral que iso supón. Estamos con unha proposta sindical enriba da mesa que está no seu poder que se está analizando e que se vai traballar sobre ela. Entón, ese é o motivo polo cal se produciu ese atraso para retomar esa posibilidade de chegar a un convenio laboral ou a un acordo regulador. Pero dito isto, haille que lembrar a todos vostedes que neste concello nunca houbo un acordo regulador. Empézalle a preocupar esta situación dende o momento que vostedes están na oposición. Só é unha pequena pincelada sobre o asunto. Porque ademais remítome a un dato, negociacións cos sindicatos, mesas negociadoras cos sindicatos co Partido Popular no goberno, ano 2012, unha!. Ano 2013, cero!. Ano 2014, cero!. Ano 2015, doce. Resulta que o 18 de novembro e o 10 de novembro. Penso que gobernaba este goberno. 2017, unha, dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove, dez, once, reunións. 2018, unha, dúas, tres, catro, cinco, seis. A última foi en xuño deste ano. É certo que boa parte desas mesas negociadoras afectaban ás bases de contratación. É ben certo. Ben. Como dixen eu, houbo varias negociacións, moitas máis negociacións que cando vostedes gobernaban e agora parece ser que é cando lle preocupa que haxa negociacións. Vostedes non as tiveron. Miren, falan de enchufes. Vostedes saben perfectamente que aquí houbo unha



CONCELLO DE BARBADÁS

reunión, unha xuntanza na que estabamos todos os grupos políticos ao inicio da legislatura, na que se propuxo, que cada unha dos grupos políticos, fixeran as súas achegas. Ben, vostedes afirmaron e negaron. Aceptaron e rexeitaron, por moito que vostedes digan despois que non é así. Están os outros grupos políticos para afirmar o que estou, ou corroborar o que estou dicindo. Hai unha mesa de contratación, non, uns tribunais absolutamente independentes que están formados por profesionais e remítome ás actas e as puntuacións deses tribunais, para que queden acreditadas ou mellor dito, para que se vexa cales son, cales son as puntuacións que obteñen esas persoas que son contratadas por este concello e en base a que obteñen esa puntuación. Si, é certo que algunha persoa que resulta que vive no meu edificio. É certo, é certo, pero resulta que leva tres anos, tres anos, sendo unha persoa que é contratada por este concello, pero en algunha ocasión resulta que é de re-enganche, creo lembrar que é así, se me equivoco que me rectifiquen. Que me rectifiquen. Pero é certo que si, que leva tres anos así, nesa situación. Pero eu convido a todos vostedes a que vaian ás actas dos tribunais, no que ademais está presidido, ese tribunal está presidido por un funcionario deste concello, por un funcionario deste concello, ademais de recoñecido prestixio entre todos os compañeiros e compañeiras deste concello. Vostedes de que dubidan? De que dubidan? Como dixo Fina, vostedes lanzan, lanzan, lanzan e lanzan, e lanzan. Pero bueno, aí queda, vaian ao xulgado cando queiran. Miren, vostedes queren espallar dúbidas sobre os procesos de contratación que vostedes no seu día, non eran para nada transparentes. Para nada transparentes. E non vou mencionar ningún tipo de práctica pero a marca, a marca, a marca indeleble do Partido Popular é o escurantismo neste tipo de procedementos. Escurantismo. E non quero dicir máis, escurantismo soamente. Mire, benestar dos traballadores, falan vostedes, quédame un minuto, pode ser que haxa traballadores e traballadoras que estean descontentos, non o dubidamos, pero mire volve nomear algún deles porque estaban descontentos. Servizo de axuda no fogar, que todas elas foron ao xulgado, certo, porque estaban infravaloradas e infrapagadas no seus salarios. Vostedes non cumprían co convenio colectivo que marca a Xunta de Galicia. Nós asumímolos a raíz dunha sentenza que é como temos que facer. Hai traballadoras e traballadores deste concello que probablemente, que probablemente, foron contratadas como monitores socioculturais ou monitores deportivos e desempeñan traballos de



CONCELLO DE BARBADÁS

administrativo, xa non digo de auxiliar, de administrativo. Xa non digo de auxiliar, de administrativo. Pero tamén hai que lembrar que, un convenio colectivo, un convenio regulador, tamén ten obrigas para os traballadores e traballadoras. Non esquezamos. Non esquezamos. E nalgún caso neste concello hai algunha prebenda. Algunha prebenda. E non quero mencionalo pero todo iso falarase no convenio regulador ou no marco do convenio colectivo. Do convenio colectivo. Entón, dereitos e obrigas para todos. Superei os cinco minutos. Así que tócalle ao Partido Popular, de novo, intervir.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. Vamos a ver. Señor Padrón, señora Fina Varelas, señor Valcárcel, o grave non son as acusacións que eu acabo de facer. O grave son os feitos, o que está feito e o que está facendo. Iso é o grave. Non é grave o que eu estou dicindo. É grave que se faga. Ese é o problema. Pero insisto, máis adiante tocaremos este tema en profundidade. Terán conta diso, por suposto. Outra cousa en cuanto ás contratacións,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non lle empecei a contar o tempo. Irán trinta segundos máis ou menos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Grazas. Vamos a ver, véñennos enredar agora cando lle tocamos un tema importante do que si vamos acertados, falando do de atrás. E vennos a dicir agora que si requiriu a cada un dos grupos que formaran parte dos tribunais, para que? Para utilizar unhas bases elaboradas por vostedes e nós aplicalas nun baremo. Nós non estamos a dicir que os baremos estean mal. As puntuacións están ben dadas, pero as bases hai que miralas como son porque levan nome e apelidos. É o único que lle falta. É o único que lle falta a esas bases. Xa dixen, daremos conta diso, non se preocupen. Señor Padrón, non é que 18.000 euros custe a RPT. 18.000 euros son o que se levan gastado nela para tela agochada nunha caixa forte que se comprou ao efecto e o teño dito moitas máis veces, que incluso se perdeu a combinación e aí quedou a RPT. Ese é o problema. 18.000 euros que se levan investidos nela, para que? Para nada. Para que os representantes sindicais segan a botala en falta. A ver, o que lles dicía, cando se tocan temas de importancia, eh!, que xa denunciemos no seu momento, queixas laborais, problemas en todas as áreas, temos problemas en servizos sociais, temos problemas nas áreas administrativas deste concello, urbanismo, intervención, secretaría, gardería, deportes... A ver, están todas as áreas afectadas, por non dicir xa



CONCELLO DE BARBADÁS

policía local. A ver o que pasa que aquí está o mundo ao revés. Resulta que o pleno pasado, traemos nós unha moción, eh!, dicindo que hai problemas de seguridade cidadá, por que, porque os policías non teñen medios, que incluso non teñen un armeiro e vostedes poñen cara de póker como aínda poñendo en dúbida o que nós estamos a dicir. E hoxe, Democracia Orensana, trae unha moción pedindo un armeiro. É lle o mundo ao revés. Entón, insisto, insisto, fágoos responsables a vostedes, compañeiros dos grupos da oposición. Temos a maioría hoxe a oposición. Póñanse as pilas senón son responsables. Que campaña van facer vostedes dentro duns meses? Que van dicir? Nós pedimos isto e pedimos aquilo. Pero estiveron gobernando ao lado desta, desta xente que non está a xestionar o concello. Que lles van dicir á cidadanía? Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Señor Ramón, ten tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Mire, señor Manuel, eu téñoille moita estima cando ven falar aquí seriamente, agora cando ven a poñerse en plan político, ningunha. En plan, en plan político.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, non interrompan.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): En plan político, en plan político, perdoen, por menospreciar a palabra político que non debía ser así, pero en plan, xa sabemos como. Así, deixámolo así. Primeiro, nós non apoiamos ningún goberno, a ver se queda claro dunha vez. Apoiamos a investidura do señor Valcárcel que foi o que conformou el un goberno. nós non apoiamos ningún goberno, apoiamos a investidura dun señor, do señor Valcárcel, perdón polo de señor, que fixo un pacto de goberno con outro partido político e están gobernando. E non sei, non sei, non sei como se explica isto, pero ben, para vostedes é así. Xa está. É igual, que máis dá. Miren, menos mal que agora aclarou, 18.000 euros é o que levan gastado no tema da RPT, como levan gastado cartos noutras cousas inútiles, para nós, claro. Vostedes veñen agora co da contratacións. Foron invitados, viñeron á reunión, acordaron e estiveron de acordo, perdón, acordaron, acordaron e estiveron de acordo, acordaron e estiveron de acordo todos, en mandar os partidos políticos a unhas persoas mandadas por cada partido para que esas persoas fixeran de tribunal, auspiciados por uns técnicos que farían as bases para as puntuacións. Estiveron de acordo. E logo despois, vostedes non mandaron a ninguén, que eu acórdome ben que llo preguntei a vostede á cara e claro, o de sempre, porque



CONCELLO DE BARBADÁS

queren enredar. Queren non estar, si, si, si, si, clarísimo. Mire, Compromiso por Barbadás, mandou a toda a xente que mandamos a eses tribunais, que son persoas que teñen que ir, eh!. Eu non os coñezo. Nin de vista!. Fíxese ben. Púxenme en contacto con algunha persoa que podía saber de alguén que tivera a titulación que se precisaba para estar nese tribunal, e mire, xamais falei con eles, nin lle vin a cara. Por mediación doutra persoa teño preguntado se durante eses tribunais, se todo ten ido ben e téñenme dito que si. Punto. Se de verdade hai algunha actuación escura, mire, non o sei, descoñezoo. Entende? Téñome, ou témonos fiado diso. Pero vostedes aquí, non veña, e vostede menos porque vostede ten outra catadura, que non ten outra sente e non veña aquí a falsear cousas e a poñerse nese plan. E non volva dicir hoxe, porque están aquí os representantes, o que non lle tolero é que diga cousas que non son, porque están hoxe aquí dous representantes da policía local, dicindo que nós puxemos en dúbida o armeiro. Nós o único que dixemos, que votamos a favor, o único que dixemos é que se falaren vostedes aquí, de que foron alí, de que sacaron fotos, de que estaban unhas cousas en caixas de cartón. Oia, a nós non nos chegou ningunha información, vós dixeron iso e nada máis. Nós traemos unha moción sobre o armeiro, xa se falou o outro día.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, ten que rematar

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Que este goberno sabe que necesitan un armeiro, e punto. Pero non veña vostede aquí a embarrar o tema porque non llo tolero. E punto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, van tres minutos vinte seis segundos. Vou dicir unha cousa. Que saiban que agora teño a potestade ou a posibilidade de interromper a intervención de calquera de vostedes. Pulso un botonciño e queda interrompida. Antes non podía. Agora doulle a un botón e queda interrompida. Alerto. Alerto simplemente desa posibilidade. Desa posibilidade. Nada máis. Non. Vamos, eu non quero tapar a ninguén. Agora era unha broma tamén de que teño esa posibilidade. De que teño esa posibilidade.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Tamén é unha broma.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A min non me fai graza, sinceramente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: pois iso é unha cuestión súa, señora Chelo Vispo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Mándeme calar, e se non calo, córtame.



CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo Vispo, se vostede se toma as cousas nun sentido tan estrito pois é un problema de humor pola súa parte. Pero ben, tómeo como queira. Señora, ou señor voceiro ou voceira de Democracia Orensana, está na súa quenda de palabra. Son tres minutos.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Dicir o que dixen antes. Os acordos, é interesantes. A explicación, desvirtúa os acordos. Por que desvirtúa os acordos? Porque aquí, ponse en tela de xuízo moitas cousas. Aquí para quedar ben, lánzase barro aos compañeiros. A forma de facer política, non pode ser esta. Señor Padrón é ben certo o que dixo ao señor Manuel, non me gusta cando fai de político e el dio, entendín ao señor Padrón que dixera iso, porque penso que temos que ser un pouco máis profesionais e menos bla bla bla bla, como sempre digo eu. Por que? Porque os acordos si, están ben, e que non se pode negar que os acordos están ben. Pero volvo dicir, o que vostede explica aquí, ou o que di, non me parece correcto. Non me parece correcto porque se vostede sabe algo do goberno, se vostede sabe, denuncién dunha vez e déixense de ameazas. É certo o que dixo o señor Padrón e é certo o que dixo o señor Alcalde. A min, cando vai haber a creación dalgún posto, a min téñese chamado sempre para que mande persoas para o tribunal. Sempre, se me avisa. Eu teño, a veces, teño mandado persoas porque depende para que postos de traballo, fai falta unha titulación ou outra. As persoas que mando, pois pásame un pouco parecido co señor Ramón Padrón, nin os coñezo. A ver, e vostedes si estaban invitados. Non queren ir? Os meus respectos. Pero se non van aos sitios, eu non sei como poñen en tela de xuízo as cousas cando vostedes non queren ir. Dáselles a oportunidade de ir, non queren ir, saberán os seus motivos, eu non me meto. Agora, vostedes complícanmo moito. Complícanmo moito. Complícanmo moito porque cos acordos chegaba para votar a favor. Simplemente escriben isto e tiñan, tíñano máis fácil ca dicir todo isto. Porque si, porque os acordos son importantes e son bos, o que non se pode é enzoufar todo. e unha cousa moi sinxela, Democracia Orensana presenta todas aquelas mocións que crea conveniente. Se o señor Santiago tivo a ben presentar esta moción que lerá despois, pois está no seu dereito. Aínda que no pleno se debatera algo parecido ou semellante. Cada partido ten a liberdade e o deber de defender ás persoas que representa e si calquera de nós considera que unha moción é importante, pois creo que ningún partido ten que poñelo en tela de xuízo o traballo que fai cada



CONCELLO DE BARBADÁS

grupo político. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, señora Fina. Miren. O primeiro que lle vou pedir ao Partido Popular é coherencia. Coherencia. Coherencia, a súa moción di, literalmente, que nas mesas de negociación sindical teñan cabida representantes dos distintos grupos municipais. Ben, pero primeiro participen nos tribunais e fagan propostas para os tribunais. Fagan propostas como aquí os membros da oposición estalle indicando. Sexan coherentes, se teñen dúbidas, se teñen dúbidas da transparencia acudan, fagan propostas de técnicos e técnicas preparados e acordos ao posto de traballo que se esixe. E se seguen tendo dúbidas pois pidan as actas dos tribunais, valóreno. Valóreno, fagan iso, fagan iso que é o que teñen que facer. Miren, aquí, hai persoas, persoas, homes e mulleres que traballan neste concello que desempeñan o seu traballo moi dignamente. Moi dignamente a pesares das retribucións que vostedes lle asignaron a dedo no seu momento. A dedo. Porque neste concello hai traballadores e traballadores que por desempeñar o mesmo posto de traballo cobran contías diferentes. Cobran contías diferentes. E vostedes puxéronos aí a dedo en canto ás súas asignacións. Nin mais, nin menos. Entón, no seu momento, pois aquí houbo paz e despois gloria, como di o refrán. Agora ao mellor en certos aspectos non hai paz pero esa ausencia de paz, débese á secuela do seu desafortunado traballo. Desafortunado traballo. E mire, podería dicir moitísimas máis cousas pero como vostedes fan, non teño probas que o acrediten, e cálome. E cálome. Pero basta con botar unha ollada. Esparexer a vista ao seu redor e estaría todo visto e dito. Visto e dito. Porque se non en privado, fágolle un relatorio. Fágolle un relatorio a vostede. Entón, igual se lle cae a cara de vergoña. Igual se lle cae a cara de vergoña. Pero ben. Mire, as mesas de negociación, a vostede porque é a voceira do Partido Popular e estivo no goberno, estivo no goberno. Falan vostedes que nas mesas de negociación cos sindicatos non houbo acordo. Mire, este goberno conseguiu acordos por exemplo, en practicamente todas as bases de negociación. Practicamente en todas. Por moito que vostede diga que teñen nome e apelidos. Mentira! Houbo acordo en practicamente todas. Miren, nós negociamos cos sindicatos completar ao 100% da incapacidade temporal. Fíxose. Outro acordo por exemplo, foi o de que se lle incrementasen, ou que se aplicasen a todos os traballadores e traballadoras, a todo o persoal laboral indefinido o que é a produtividade, co importe



CONCELLO DE BARBADÁS

máximo, non discriminamos entre categoría laboral a 10 euros a máis baixa, por poñer un exemplo, a máis alta 25, non. págaselles a todos a máis alta. Iso é traballar en pro dos traballadores tamén. Pero volvo insistir tamén, insisto, nós queremos retomar e estamos niso, e en breve retomarase porque xa lle indiquei cales eran as circunstancias que impediron isto, a posibilidade do convenio colectivo. A posibilidade do convenio colectivo, que hai unha proposta sindical enriba da mesa. Pois aí veremos en que consiste todo isto e como vai adiante. Moitas grazas. Ten vostede un minuto.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, vamos a ver, para que todos nos aclaremos, penso que o dixen bastante claro, si que o podo dicir máis alto, pero claro, de verdade que non. Unha cousa é ao que nos invitaron aos membros dos grupos políticos que era a participar nos tribunais de baremación. Iso é unha cousa. Que quere dicir estar nun tribunal de baremación? Chegar cunhas bases impostas, non elaboradas por ningún de nós, e chegar a ese tribunal e aplicar esas bases. Por suposto, que ese traballo nun principio estase a facer ben. Estase a puntuar ben. Outra cousa é o que poñan esas bases. Eh! Entón, o por que o Partido Popular non quixo participar desde o primeiro momento nos tribunais de selección e de baremación? Porque víamos que as bases non se axustaban aos criterios que deben conformar a contratación dentro deste concello e en cada un dos postos. Vemos que o señor Alcalde volve a vista para atrás cando se empezan a tocar temas tan candentes como este, que os traballadores están descontentos, de que hai que retomar as mesas, entón, a ver, volvo a dicir que todo está ben e deixemos todo como dende xaneiro ata hoxe. Grazas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Dáme a palabra, señor Alcalde?. Ben, vamos a ver, a terminoloxía que se está utilizando pode inducir a error e tendo en conta que isto vai quedar gravado e constancia nun acta, quero precisar. En principio, o que se ofertou por parte do grupo de goberno, foi a participación non nos tribunais, senón a participación mediante a designación de técnicos que participasen nos tribunais. Quero recordarlles que os tribunais non poden ter carácter político e ao mesmo tempo, eu informei verbalmente de que non me parecía unha situación legal. Probablemente, posiblemente, ou seguramente moi democrática pero non era legal porque as designacións dos tribunais teñen que prescindir, absolutamente, do seu carácter político. É dicir, nin pode



CONCELLO DE BARBADÁS

participar un político, nin, é máis, nin representativos de ningunha entidade. Voume explicar. Con anterioridade, a esta modificación operada polo Estatuto Básico do Empregado Público, había representantes tanto dos sindicatos, como por exemplo podían ser representantes doutras entidades. A partir desta modificación que se operou, xa non pode haber ninguén que represente a ninguén. Polo tanto, non se pode representar a un sindicato nun tribunal de oposición, non pode haber unha persoa que represente a un sindicato, nin tampouco pode haber unha persoa que represente a ningún grupo político municipal. Desígnanse por decreto de alcaldía. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Que interveña e despois interveño eu.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Como, señor Alcalde, se me permite, como dicía se retirábamos o punto número dous

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, está dicindo por retirar o punto.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Acábame de dicir se retirábamos o punto número dous. Vale. En relación ao que comentaba o señor Alcalde, e insisto, por propia coherencia, de porque nós non quixemos participar nin con representantes, nin con persoas coñecidas técnicas, tal e como acaba de explicar a señora Secretaria, por coherencia, porque o principio sabíamos que non era legal, non podemos retirar este punto. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Co relación ao que nomea a señora Secretaria, aquí non se nomea a ninguén, por parte dos grupos políticos. Aquí, faise unha proposta que fai o alcalde. A min chéganme nomes de persoas cualificadas para ese posto de traballo que contempla o concello e o alcalde nomea a esas persoas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Estase contradicindo vostede.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, señora. Eu podo recibir unha serie de nomes de persoas que están cualificadas para valorar en base a unhas bases de contratación que vostedes din que non son correctas, parece ser, cando están negociadas polos sindicatos e aprobadas polos sindicatos, para que valoren exclusivamente, en base a un curriculum, a unha puntuación. E recibo suxestións, que quen o nomea son eu, como di a lei, como di a lei. Non teño máis que dicir. Votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular e Grupo Mixto e Democracia Orensana.



CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra? Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Aprobado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e a abstención de PSdeG-PSOE e BNG o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular de Barbadás sobre a problemática existente en RR.HH. e as negociacións sindicais: 1- Retomar de forma inmediata as mesas de negociacións sindicais. 2- Que nas mesmas teñan cabida os representantes dos distintos grupo municipais co fin de abordar en conxunto os problemas laborais que está a sufrir a Administración Municipal”**

5. MOCIÓN DE DEMOCRACIA ORENSANA RELATIVA A CREACIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO ÁS PORTAS DOS COLEXIOS E GARDERÍAS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto da orde do día. Moción de Democracia Orensana relativa a creación de prazas de aparcamento ás portas dos colexios e garderías. Ten a palabra a súa voceira ou voceiro.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Todos os anos se repítese o mesmo problema e no noso concello aínda máis agravado, xa que en A Valenzá, onde se atopan os nosos colexios e garderías é unha odisea poder aparcas os coches, por iso os pais vense na necesidade de aparcas moitos deles en dobre fila coa conseguinte interrupción do tráfico rodado e a exposición a multas da policía local. Isto ven ocorrendo nos dous colexios, CEIP Filomena Dato, CEIP Ruxidoiro, así coma nas garderías, Hadas y Duendes, Pio Pan e a gardería municipal. Acordo, creación de prazas de aparcamento reservadas para os pais dos nenos que asistan aos centros escolares e garderías. En ditas prazas, o tempo máximo será de 15 minutos. O número de prazas de aparcamento crearase en función do número de alumnos do centro e da siutación que sexa máis ou menos problemática de aparcas. Como dixen o outro día nas comisións informativas, como é ben sabido, o noso concello, e A Valenzá en concreto, ten un problema bastante importante de tráfico, xa que a vía principal está moitas veces conxestionada por tráfico. Moitos pais, incluíndome eu, a veces temos auténticas odiseas para deixar os nosos nenos en colexios e garderías. Entón, penso que a carón dos colexios ou das garderías, poderíanse reservar



CONCELLO DE BARBADÁS

prazas de garaxe, ou sexa prazas de garaxe, prazas de aparcamento, non de garaxe por Deus, para que os pais dos nenos, sobre todo as persoas que non residen mesmamente en A Valenzá, que se non, veñen dos pobos, teñan onde deixar aos nenos. Porque é ben certo que hai nenos que son maiores, que van a colexios, si poden andar, pódense desprazar. Ti podes estar estudando, un exemplo, na metade de A Valenzá, deixalo ao final e non vas ter problema porque o neno ten sete, oito ou nove anos e si pode camiñar. Pero en canto aos nenos pequenos é moito máis complicado porque a experiencia que eu teño, a veces é que para poder aparcar o meu coche teño que dar tres ou catro voltas e é imposible. E coma min moitos pais de nenos que, fáisenos imposible porque como todos sabemos aparcar en dobre fila é algo que non se pode facer porque obstaculizamos o tráfico e moitas veces, como digo, expoñémonos a multas. Entón penso que é algo importante. É algo que se vos ledes a prensa, en Ourense tamén teñen este mesmo problema. Que pasa? Que en Ourense teñen suficientes policía locais para poñer policía ás portas de todos os colexios. Nós por desgraza, non temos para cubrir todos os colexios e todas as garderías. Entón penso que non é tan difícil, só é querer, querer é poder. Penso que non é tan difícil, cerca dos colexios e garderías, deixar espazos reservados para as horas lectivas escolares. Para as horas de entrada e saída aos colexios. Se os colexios entran ás nove da mañá, obviamente ás once da mañá, pódese aparcar calquera outro coche. O único é nas horas de recoller, recoller e entregar aos nenos nos centros. Grazas.

Ás 21:15 D.^a Ánxela González Cid abandona o Pleno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede, señora Fina. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu falei a continuación da moción pero quería referirme a algo da anterior moción. Vólvolle repetir, estiveron na reunión, acordaron, estiveron de acordo en realizar o tema das contratacións desa maneira. Xa se dixo alí que era a menos mala, pero ben, a máis transparente. Eh! O que pasa é que despois, cociñarían outra cousa, o seu partido e viñeron co conto de que non ían a propoñer nada. E eu xa lles repetín que eu non coñezo nin ás persoas que mandaron e xa llo explicaron aí como funciona o tema. Pero ben, se hai algún tipo de problema, pois sáqueno á luz e punto. E nada máis. Habíase me esquecido tamén, pero vamos, tantas



CONCELLO DE BARBADÁS

cousas, en fin. Pero non mintan, digan a verdade, eh!. E senón os datos están aí que se ouviron neste pleno. Cantas negociacións ou reunións houbo? Que pasou? Iso non o explican? Non explican porque ata o 2015 non houbo reunións nin negociacións e despois de repente aparecen un montón de reunións e negociacións? Por que?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non o necesitaban e agora necesitan

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Entón antes, antes a xente cobraba menos e non dicía nada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Mire, non está na súa quenda de palabra señor Manuel

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Entón explíqueme a min.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, por favor, vai un minuto vinte e catro.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Tócame a min.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, por iso mesmo. Quero advertir ao señor Manuel que non está na súa quenda de palabra. Que non está na súa quenda de palabra, que non interrompa. E ademais non estamos falando desta moción, estamos falando doutra moción. Pero el, el na súa quenda de palabra pode facer uso do que queira, do tempo que queira non, perdón, do que queira.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Iso, vale, eu non incumprín nada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ou faga alusións en todo caso e diga o que quere.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Estou falando na miña quenda de intervención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A ver. Volvo a repetir. Volvo a repetir. Volvo a repetir. Señor Ramón, prosiga a súa intervención e señor Manuel, non interrompa.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Entón, polo que nós sabemos aquí a xente cobraba menos antes e non protestaba ou non ía a ningún sitio, e agora foron, vale. Entón expliquen tamén vostedes por que esas cousas non pasaban antes. Ben. Vamos á moción

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quédanlle tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Estamos de acordo, claro, mellorar o tema dos aparcamentos. Pero mire, punto un, creación de prazas de aparcamento reservadas para os pais dos nenos que asistan ao centro escolar e garderías. Imposible. En ditas prazas o tempo máximo será quince minutos. Imposible. Se deixan un coche alí



CONCELLO DE BARBADÁS

quince minutos, os sete ou oito que vaian, os outros como di vostede, van ter que seguir dando voltas ata que... Quince minutos! Quince minutos dá tempo de deixar o neno, de tomar un café, mire o tempo que vai estar alí o coche aparcado. Terceiro, o número de prazas de aparcamento se creará en función do número de alumnos do centro e da situación sexa máis ou menos problemática de aparcado. Pois mire, en función do número de alumnos, os alumnos que hai alí a ver cantas prazas vamos adxudicar. Iso, eu non sei, pero o Filomena Dato non dá para máis, aquela zona. Está alí a policía local. Está alí todo. O colexio fíxose nun sitio que non hai, unhas rúas estreitas. Non ten máis saída que dar un xiro por alí. Non hai moito para onde ir. Polo tanto, solución? Pois que os nenos vaian alí camiñando. Camiñando ou cos pais. Problemas de tráfico vai haber sempre naquela zona. Isto si que estes acordos é imposible aprobalos porque xa digo, creación de prazas de aparcamento é imposible porque co sitio que hai alí, e de quince minutos menos. Eu, nós pensamos que unha solución, pensamos que ao mellor se podería crear, pero iso terían que dicilo os técnicos, que se podería crear unha especie de cinco minutos, en cinco minutos que estiveran libres todo o que é os arredores do colexio, aquela beirarrúa toda, que non puidera haber outro, ningún vehículo e cinco minutos, ou sexa, os pais dos nenos que cheguen e deixen ao neno e nada máis. Pero cinco minutos. Nada máis. E que estivera aquela zona toda libre, algo que mitigaría un pouco o tema do deixar os nenos e ilos a recoller. Pero outra solución, esta solución si que non, isto é imposible de levalo a cabo. E por certo, como isto é un papel oficial, que ven dun grupo político, e a Valenzá, é o topónimo único e oficial que existe. A Valenzá non existe. É Ruxidoiro, é Ruxidoiro. Non, non é con ánimo de corrixir. É simplemente para deixar constancia que é un papel oficial dirixido a un pleno dun concello e os topónimos son os que son. Os topónimos son os que son.

O Sr. González toma a palabra (DO): Pode poñer o que lle dea a gaña.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Perdón. Perdón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estaba o micro cortado. Está na súa quenda de palabra o Grupo Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señora Fina Varelas. O fondo da moción como di vostede co Partido Popular, a verdade que estamos de acordo. Como di o señor Padrón, imposible, imposible, imposible. Mire, vullle dicir, que hoxe, todos os comerciantes,



CONCELLO DE BARBADÁS

cando trasladamos, a veces comentamos nos cafés as mocións que vamos defender, todos os comerciantes da zona, xa soamente de onde eu estou, vale?, que hai unha gardería privada. Vale?, unha gardería privada, non municipal. Todos os comerciantes pedíronme praza de aparcamento para eles. Así coma vostede pide para as garderías privadas, eles pídenme para os seus propios comercios, porque teñen o mesmo dereito. Non non, aquí, vamos a ver, aquí eu polo que leo, puxo garderías.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Garderías, plural.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Garderías que vostede fai mención á municipal e despois a dúas privadas, vale? entón, nós, ao que é o comercio privado, tanto sexa gardería, como sexa outro tipo de sector, nós temos que, eles terán que buscarse as prazas de aparcamento a xente que queira ir a eses lugares, a eses comercios, perdón, non lugares, comercios. Vamos a ver, nós aquí defendemos ao que é público e municipal, vale? Pero por separado. Entón, a ver, eu estaría de acordo. Mire. Eu o que dicía o señor Padrón e doulle a razón. É imposible porque teríamos que empezar primeiramente co civismo dos veciños de Barbadás, vale?. Mire, voulle ensinar unhas fotos, que non se pode porque hai matrículas, non, non. voulla ensinar de lonxe porque hai matrículas e non a podo ensinar, vale?. Hoxe no Ruxidoiro, esta era a rúa que vai á miña casa ás cinco da tarde. Isto estaba, o colexio do Ruxidoiro, vale?, o colexio do Ruxidoiro, estaba cheo de coches, vale? eu o acceso que teño a miña casa é un carril, dous carrís por así dicilo. Teño coches aparcados deste lado e deste lado. Como veña un coche de fronte non podo pasar, señora Victoria, non vou dicir nada. Vale. Entón, ímonos a rir porque eu tamén o fago, moitas veces. Ela entendeume perfectamente e non vamos dicir nada máis. Entón, o que si é certo é que teñen que empezar un mesmo por aparcar correctamente e polo que dicía o señor Padrón, quince minutos?, quince minutos dálle a vostede tempo de deixar á nena, tomar un café e ir onde vostede queira. Vale? entón, o que temos é que nos colexios facer, pois ao mellor dar uns panfletos, uns folletos, non sei, para que a xente realmente saiba que ten que deixar ao seu fillo, entendo que hai xente que pode ir camiñando tanto ao Ruxidoiro coma ao Filometa, ven feito por parte de que a veces pódense ir os nenos en bicicleta, vale?, o que está ben feito sempre dicimos o Partido Popular que está correcto, vale? Entón, facer eses panfletos nos colexios e ensinar tanto a pais coma a nenos que os que poidan ir andando



CONCELLO DE BARBADÁS

que vaian andando. Os que poidan, os pequeniños ou por desgraza, cando chove, temos que acercalos ao colexio, ou que teñen algún problema físico, vale?, pois iso realmente dicirille aos pais, estes nenos teñen estas prioridades. Hai que deixarlles, pois, deixalos alí e non quedarnos de charla. Se nós ensinamos aos nenos e aos pais a ter ese civismo, non pasa o que vemos a diario, tanto na súa gardería coma na municipal coma nos colexios do Filomena e Ruxidoiro, vale?. Sabemos o que hai en A Valenzá, que hai prazas de garaxe onde teñen que aparcar os coches e moitas veces, e eu dígoo que fun a primeira, aparte teño que dicilo, eu tiña dúas prazas de garaxe cando vivía na Avenida de Celanova e deixaba os coches fóra, porque na miña praza de garaxe era horroroso aparcar. E o digo, aquí no pleno. E coma eu haberá cantidade de xente. Entón, o que temos que facer, é dende o principio, nós mesmos facelo correctamente. E dicirilles aos demais o que teñen que facer e ensinalos. Pero mire, esta moción? No fondo está correcta, pero entenda que nós temos que defender a todos os comercios, vale?, privados, pero neste caso, o que estamos defendendo é aos nenos e ás garderías, e á gardería e aos colexios públicos, vale? non ás garderías privadas. Entón, o que faríamos?. Aí hai un persoal que é a policía que realmente pois pode ao mellor darnos instrucións ou ensinarnos como se debería facer. Para iso hai un técnico e que poden, nós non somos técnicos, nós podemos dicirille o que vemos a diario, pero que teñen que empezar dende o pequeniño e dende os pais, onde teremos que aparcar e posiblemente non pasarían os colapsos que hai e que vivimos a diario na zona que eu vivo. Eu non me queixei nunca, eh! Nunca! Nin chamei á policía, e o saben perfectamente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, ten que rematar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nunca me queixei, pero o que é certo é que o vemos a diario. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten cinco minutos.

A Sra. Pérez toma a palabra (PSOE): Si. Boas tardes. Nesta moción vamos a intervenir tanto o Tenente Alcalde coma eu. El porque é unha moción que se refire tamén á mobilidade e eu pois, polo que conleva na área de Educación. A miña intervención, compañeiros de Democracia Orensana, comeza explicando que dende o ano 2016, estamos traballando para conseguir, precisamente todo o contrario do que se expón e se pide nesta moción. Estamos traballando precisamente, en alonxar todo o que sexa



CONCELLO DE BARBADÁS

posible a circulación e aparcamentos das contornas dos colexios do noso concello. Dende o goberno estamos moi implicados en acadar que estes espazos próximos aos colexios, sexan espazos seguros e libres de coches. E para iso, estase traballando dende a área de urbanismo, dende a área da mobilidade, dende a área de educación, con policía local e protección civil e ademais contamos coa colaboración da DXT de Ourense que participa con este concello en diferentes actividades relacionadas con este tema. Apostamos polo camiño escolar, que en Barbadás se chama Ruta Catalina, da que temos falado neste pleno en algunha ocasión. E seguimos ano tras ano traballando para ir avanzando neste proxecto coa colaboración tamén, das ANPAS e do profesorado dos dous colexios. Seguimos deseñando campañas para concienciar ás familias. Aí están os xogos da serpe, o día da bicicletada, a semana europea da mobilidade, o circuío viario, as multas solidarias. Seguimos contando coa policía e con persoal voluntario de protección civil para que vixie a seguridade nas contornas escolares á entrada e saída dos dous colexios. Todo isto estase facendo coa implicación, cada ano escolar, dun maior número de persoas que van outorgando a importancia que merece este tema. Estamos convencidos de que este é o camiño correcto, o propiciar hábitos saudables entre os nosos nenos e nenas. Neste momento, o número de alumnado é de 680. Moitos deles, transportados en autobús dende os pobos, no caso do colexio do Ruxidoito, e con todos eles estamos a traballar para que os desprazamentos se fagan, como digo, de feito saudable e sostible, e vostedes nesta moción piden a creación de prazas de aparcamento, é dicir, facilitar aos pais e ás nais, que non aos cativos e cativas que acudan en coche e non andando ou en bicicleta ou en patinete. Somos conscientes de que se trata dun traballo difícil, de que os avances son lentos, pero vamos percorrendo camiño. E somos conscientes de que hai que seguir informando e concienciando sobre todo ás familias, sobre todo a ese grupo de pais e nais, que creen conveniente levar en coche aos seus fillo e fillas aínda que as distancias sexan tan pequenas no noso concello. En ningún caso nos atopamos con distancias de máis de 350–380 metros. Conciencialos de que eses nenos e nenas acaban absorbendo o estrés dos adultos por chegar tarde ao traballo ou polos atascos na entrada do colexio. Pero sobre todo, concienciar e concienciarnos todos e todas de que é posible, que non somos o único concello nin o único país que aposta polos camiños escolares. Que aposta polos desprazamentos sostibles dos nenos e



CONCELLO DE BARBADÁS

nenas e de que os beneficios que reportan deberían considerarse. Camiñar mellora o rendemento académico, a creatividade, a concentración. Os nenos chegan máis espertos a primeira hora de clase. Camiñar reduce o estrés e a agresividade. Camiñar ao cole é unha oportunidade para ser independentes, pensar de xeitos responsables e tomar decisións por eles mesmos. Proporciona exercicio diario para os nenos e nenas. En España hai que recordar que 3 de cada 10 sofren exceso de peso. É unha oportunidade para conversar, para coñecer outros compañeiros e compañeiras, facer amizade con outros nenos e outros pais. Ademais non contamina e é unha oportunidade para que os nenos e nenas aprendan seguridade viario dende o punto de vista dos peóns. Ante todo isto temos que entre todos e todas facer unha reflexión. Fronte a esta realidade, fronte aos beneficios que reporta o camiño escolar, no estado de ánimo, na concentración, na creatividade, nas habilidades para resolver problemas, que debemos facer dende as administracións públicas? Queremos nenos e nenas espertos, menos agresivos, máis creativos? Ou pola contra, temos que favorecer a comodidade dos pais e das nais ofrecendo aparcamentos? Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Orensana. Agora tocan tres minutos. Hai unha segunda intervención que son tres minutos cada quen.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ou non me expliquei ben ou vivo noutro mundo ou señora Marga, vostede non vive na realidade. O que vostede di é moi bonito. Claro que é bonito e eu estou de acordo, pero imposible de facer no noso concello. Porque senón demóstrame que se pode facer. Dígame un neno que baixa dun pobo a un colexio. A ver. E senón quere ir en autobús. E senón pode ir en autobús, cal é a realidade? Hai autobús para as garderías, por exemplo, municipais. Non, non hai autobús para gardería. Que estou de acordo que sería perfecto iso porque entón todas as mañás non se vería o que está pasando. E o que está pasando non é esa película marabillosa que vostede quere para o noso concello. E non mo pode negar. Señora Chelo, eu non estou defendendo ningún negocio privado. Ningunha gardería privada. Eu estou defendendo aos pais dos nenos que van a centros, sexan públicos ou sexan privados. A ver. Non estou defendendo ningún negocio. É que paréceme triste que teñamos que dar corenta mil voltas, para deixar aos nosos nenos e sobre todo os nenos pequenos porque 300 –



CONCELLO DE BARBADÁS

400 metros para un neno de dez anos, perfectamente os anda, pero vostede poña a un neno de tres anos que empeza o colexio, 300 ou 400 metros. A ver. Sexamos. Un día vaiche, dous tamén e ao terceiro día levamos ao neno arrastro. A ver. Sexamos serios. A realidade non é a que vostedes din. E eu non trato de beneficiar a ningún negocio en concreto. Trato de resolver algo que eu creo que é problemático. E señor Padrón, aquí o dos quince minutos, obviamente, se vostede aparca o coche e baixa ao neno, e o pode facer en dous minutos, non bote quince. A ver, iso cae de caixón. Non vamos poñer unha plaquiña, señores en dous minutos, bimba. Por favor, sexamos un pouco razoables. E non sexa vostede tan puntilloso, porque se vostede empeza a poñerlle defectos aos compañeiros, vostede é o primeiro, na miña redacción, por deus, vostede é o primeiro que non respecta as quendas, o primeiro que cando se explica unha moción, salta para atrás. En todas. O primeiro que se lle explica as cousas vinte veces e non fai caso. Ou sexa, por favor, non corrixa aos demais e mire para vostede porque a min daríame vergoña estar corrixindo a un compañeiro por unha pequena cuestión, cando vostede de fondo méteas todas. Todas. Por outro lado, téñome que sentir agradecida e orgullosa, que só dixera esa tontería na miña moción porque vostede o outro día nas comisións informativas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señora Fina.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): O outro día nas comisións informativas, vou dicir o que vostede dixo, “bah, convocar un pleno para estas tonterías, para estas trapalladas”, ou non sei que despectivo. Mire, as mocións dos demais non son trapalladas nin son tonterías.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina, ten.... Vale. Moitas grazas. Correspóndelle a súa quenda de palabra, señor Ramón. Tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Coma sempre, tennos acostumado a dicir o que non se di, pero ben, tamén lle gusta, de vez en cando tamén lle gusta embarrar, como fixo antes o señor compañeiro do Partido Popular. Eu non puxen defectos ao compañeiro. Simplemente dixen que isto é un papel oficial que ven ao concello de Barbadás e teño que defender, teño que defender como representante que son hoxe aquí, que non existe Valenzana, que é A Valenzá e Ruxidoiro, é Ruxidoiro, non é Ruxidoiro. Nada máis. Simplemente iso. Non lle puxen defecto persoal a ningún,



CONCELLO DE BARBADÁS

vamos, faltaría máis. Nunca máis. Non tachei de tonterías nin traballadas, o que vostede está dicindo. Tampouco, iso invéntao vostede porque lle gusta inventar cousas, porque a vostede dinlle algo pero despois ponlle palabras aparte da súa colleita persoal e nada máis. Vámolo deixar aí. Eu quero falar da moción. Quero falar da moción, xa que vostede dixó que eu non falaba da moción. Xa lle dixen que estes acordos non os podemos aprobar porque son imposibles. E díxenllo, vólvollo repetir a ver se escoita vostede. “Creación de prazas de aparcamento reservadas para os pais de nenos que asistan a centro escolar e gardería”, é imposible. Creación de prazas. “Dichas prazas o tempo máximo quince minutos” . Imposible, non se pode poñer alí quince minutos, nin se lle pode dicir a ninguén que pode estar quince minutos alí, se está catorce alí. vamos que lle dea tempo para deixar o neno e ir tomar un café. Entón aínda facemos máis colapso do que hai. Non podemos apoiar isto. “E o número de prazas se crearán en función do número de alumnos”. Imposible tamén crear un número de prazas en función da cantidade de alumnos que existen no colexio. Isto, estes acordos, a min gustárame votalos. Eu estou a favor de mellorar isto. Imposible. Cal é a nosa proposta? Porque nós miramos de solucionar estes temas, tamén. E miramos. Escoite a nosa proposta. A nosa proposta é suprimir isto porque para nós é imposible facelo e mire, a proposta, valoramos positivamente o que se ten feito dende a concellería, o que falou a señora Marga, de campañas, do camiño escolar, canta máis xente vaia camiñando mellor. Menos coches vamos ter alí. Pero está claro que coches, señora concelleira, vamos a ter moitas veces alí coches porque iso vai ser inevitables que os teñamos. Por un montón de circunstancias, por o tempo, pola mobilidade de certas persoa, porque ao mellor certas persoas viven nun punto de A Valenzá que está altísimo e ese día non poden baixar co neno porque son maiores. Sempre van ter coches alí. unha proposta que facemos nós? En moitas zonas de Cataluña, as illas Baleares ou por aí, chámase un peto e adeu, un bico e adeus. Que busquen en internet que moitos concellos aplican iso. Todo, a rúa que está pegada ao centro escolar, durante un tempo, cinco, dez, quince minutos, que é o que se tarde en chegar os pais e marchar, e todo iso, queda liberada, simplemente para iso, para un bico e adeus. Cinco minutos escasos. E iso estase aplicando en moitos concellos de Cataluña e tal. Iso son cousas que se poden levar a cabo. Non quero dicir que ao mellor aquí, efectivamente, sexa posible, pero é unha proposta. Síntoo moito.



CONCELLO DE BARBADÁS

Gustárame apoiar isto pero non podo apoiar unhas propostas que son imposibles. E estou falando da súa moción en serio.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, ten que rematar.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Nin estou poñendo defectos nin estou poñendo nada. Agora vostede diga o que lle dea a gaña, e punto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón. Don Ramón, ten que rematar. Vale. Grazas. Está na súa quenda de palabra o Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señora Fina Varelas, entendemos, cada un defende a súa moción como quere. Entendémola perfectamente pero mire, vostede en canto a nenos, se tanto defende as garderías que quere dicir en conxunto, esquécese das ludotecas, vale? porque tamén recollen nenos. Tamén. Vostede sábeo. Entón aquí defender a todo. Vale? por iso mesmo. Non podemos, o Partido Popular, aprobar esta moción porque realmente o que é en ditas prazas o tempo máximo será de quince minutos. Mire, a proposta que trae o Partido Popular, que a fixo no seu momento. Ao mellor a isto mesmo non podería adaptarse, podería adaptar en tempo. É dicir, créanse unhas certas prazas de aparcamento pois de dez minutos, pois ao mellor cerca, o Ruxidoiro, creo que non lle fai falta porque creo que ten cantidade de prazas e mal utilizadas que como dicíamos antes, o Partido Popular, creo que hai que facer unha campaña de sensibilización cos pais e cos pequenos para que realmente digan, papá, hoxe non chove, está moi bo día, e como dicía a señora Marga, ímonos camiñando ao colexio. Os que poidan, porque hai xente que por mobilidade, ou porque vive lonxe, non pode facelo, vale? Esas serían esas prazas que hai cantidade delas cerca do Ruxidoiro. O momento, como dicía o señor Padrón, estou de acordo que se aparque nesa zona, dous ou tres minutos. Non me quedo falando coa veciña do lado. Despois, cerca das garderías, vamos dicir ludotecas, se quere, vale?, ou sexa, eu isto sinceramente non o podemos aprobar, pero si podemos dar ese pequeno matiz de cerca das ludotecas, ou cerca das garderías ou do colexio Filomena Dato, deixar unhas prazas de aparcamento de tres minutos, o que é, deixo ao neno e o meto no colexio. Os pequenos porque realmente os maiores. Mire, eu levo ao meu fillo porque está máis lonxe, levo ao meu fillo ao colexio, porque ten once anos, e xa o deixo cerquiña e xa baixa el só. É que paro medio segundo. Entón dependendo da idade e da sensibilización dos pais, temos



CONCELLO DE BARBADÁS

que facer iso. Entón, eu creo que, estou de acordo en moito coa señora Marga? Si. O que pasa que a veces o tempo, non se pode camiñando, en patinete, bicicleta, a seguridade, xa sabe que aquí hai moito vehículo, ao mellor, pero ben, vaise empezando. E olé, xa digo que cando algo realmente faise ben o Partido Popular o apoia. Díxenllo cantidade de veces. Co tema de mobilidade e da semana de mobilidade que fixeron vostedes coa mobilidade a nivel de Europa. Creo que era, non? Realmente, vamos a ver, o que dicimos, non podemos aprobar esta moción porque a vemos incongruente. Aquí, ou se, a todos méteselles no mesmo saco ou aos privados déixalles fóra, porque estamos para o que é municipal, nada máis. Xa lle digo que hoxe á mañá comentando dicían “ a ver, nós para os nosos comercios tamén queremos prazas de aparcamento”, é que é normal.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señora Chelo.

Ben, e nada máis. Ou sexa, eu o que faríamos sería dar esas pautas de facer campañas de sensibilización e despois ao mellor poñer esas prazas de aparcamento moi pouco tempo. Controladas e que cada un, ou sexa, que sexamos conscientes de deixar ao neno

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo, remate, que a súa exposición quedou bastante clara.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Perdón señor Alcalde. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Boas tardes a todas e a todos os presentes. A min pásame un pouco ao que lle pasa á portavoz do Partido Popular e a Marga. Eu creo que tamén entendo o fondo da moción pero non comparto a parte de acordos. Vou a intentar explicar. Por que? Eu creo que xa Marga e tamén Ramón, e a portavoz, Chelo, explicaron. Eu creo, primeira cuestión. Moita dificultade para crear esas prazas de reservas. Temos en conta que en cada colexio público hai seiscentos e pico nenos, os nenos que viven a máis de dous quilómetros, son transportados por Educación. Os que viven a menos de dous quilómetros, non son transportados, pero hai dous centros de ensino na Valenzá, co cal o territorio está dividido en dúas partes e eses nenos poderían ir andando. Outra cuestión é a das garderías, o que di vostede, ese si que é un problema diferente porque non teñen transportes, e loxicamente teñen que ir acompañados pola nai ou polo pai. Pero, recoñecendo que hai un problema e sen ser capaz de solucionalo,



CONCELLO DE BARBADÁS

a moción paréceme que tampouco soluciona, porque, como facemos para ter prazas libres nos aparcamentos de A Valenzá? Teríamos que ir chamar aos veciños nas súas vivendas para que retirasen os seus coches quince minutos antes da entrada dos colexios para que deixaran esas prazas libres para os pais dos nenos deses colexios. Non podemos pedirles aos veciños que non aparquen o seu coche diante da súa casa nas rúas centrais de A Valenzá, na rúa do Ensino ou noutros lugares porque nos dirían que son prazas de aparcamento habitual. Quince minutos? Tampouco. Como facemos? Acaba de vostede facer referencia de que non temos moita policía local e quen vai estar contando eses quince minutos? Ao final, ía ser discrecional e a nome dos pais o que consideran os pais e as nais. Cantas prazas reservamos? Porque con catro prazas seguiríamos tendo exactamente o mesmo colapso. Se reservamos catro prazas diante do colexio aparcarían catro coches, catro nenos, catro nenas, pero non solucionaríamos o problema porque son moitos máis de catro. Son na gardería municipal hai noventa e pico matriculados. Nos colexios hai catrocentos e pico matriculados, matriculadas. O cal non seríamos capaces de solucionar isto, nin reservando quince nin vinte prazas. É dicir, véxoo moi difícil. Por outra banda, o modelo que defendemos nós é un modelo como o que se está aplicando en Pontevedra, un modelo sen coches. A cidade ideal, que por iso Pontevedra é modelo e recibiu xa moitos premios europeos e mundiais e está considerada a cidade máis cómoda de todo o mundo para vivir, é unha cidade que conseguiu sacar os coches do núcleo urbano. Si, non o digo eu, o din os organismos internacionais, co cal non vou entrar en tal. O modelo é Pontevedra. Onde antes había moitísimos coches que era un perigo para a cidadanía, para os nenos, para o transporte, había atascos, agora non hai nin un só coche nesas prazas e a xente está orgullosa, vive cómoda, vive tranquila.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O Sr. Fírvda toma a palabra: E ademais, as reunións que tivemos con Stop Accidentes, recomendáronnos estas policía e esta xente que é especialista en protección da seguridade viaria, recomendáronnos rúas sen coches. Rúas sen coches para levar os nenos. Se cadra este goberno aínda non tivo a fouteza de coller ese problema e facer iso como deberíamos facer. E nada máis entón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten un minuto máis.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Señor Fírvda, vólvolle dicir o que lle dixen á



CONCELLO DE BARBADÁS

compañeira Marga. Un mundo moi bonito. Aquí rúas sen coches en A Valenzá, dígame, andamos por aire, porque a ver, só temos a rúa principal. Por onde andamos? Vamos a ver, teríamos que ser un pouco serios. Eu estaba pensando nos nenos. Ideas? Eu propuxen as que eu creo, creo firmemente que se podía arranxar un pouco. Obviamente, o que eu propuxen non é unha panacea, non é solución definitiva porque é imposible. Pero tal como está? Tampouco. Sigamos así e nada. Nada. Que vou dicirlle? Sigamos así. Sigamos así. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Fina. Queríamos, arranxar unha cuestión. Que o goberno vaise abster porque vai estudar esta circunstancia. Vaina estudar. A ver que informes se nos facilitan en relación a esta situación, pero o obxectivo é o que estábamos falando antes, o de priorizar a inexistencia ou a ausencia de circulación de vehículos nos contornos dos colexios se é posible. Votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Democracia Orensana, vota a favor

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular, Grupo Mixto, ah, Grupo Mixto, non. Partido Popular, PSOE e BNG.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A moción queda aprobada.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que contentos están os da moción. Pero non estamos de acordo con como a redactaches.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A ver, vamos a proseguir o pleno.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor de Democracia Orensana, os votos en contra do Grupo Mixto e as abstencións de PP, PSdeG-PSOE e Xosé Manoel Fírvida e Serafín Núñez Pérez (BNG) o seguinte acordo:

“Moción de Democracia Orensana para a creación de prazas de aparcamentos ás portas de colexios e garderías: 1- Creación de prazas de aparcamento reservadas para os padres dos nenos que asistan ao centro escolar e garderías. 2- En ditas prazas o tempo máximo será de 15 minutos. 3- O número de prazas de aparcamento crearanse en función do número de alumnos do centro e da situación



sexa máis ou menos problemática de aparcar.”

6. MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A COMPRA E INSTALACIÓN URXENTE DUN ARMEIRO PARA A POLICÍA LOCAL.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O punto sexto, é a moción de Democracia Orensana para a compra e instalación urxente dun armeiro para a policía local. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira. (1:59:10)

O Sr. González toma a palabra (DO): A exposición de motivos non deixa de ser a Lei 4

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor... Prosiga. Pero nun ton un pouco máis baixiño se é posible. Señor Santiago, prosiga.

O Sr. González toma a palabra (DO): A Lei 4/2007 do 20 de abril de Coordinación de Policía Local, no punto 1, di que os medios técnicos, elementos, aparatos e sistemas de corpos de policía local, se utilizan para poder cumprir as obrigas. No punto 2, os policía locais, como integrantes dun instituto armado levarán armamento regulamentario que lles asignen. De acordo coas normativa vixente, material de armamento. No punto 3, o alcalde poderá decidir de forma motivada os servizos que se presten sen armas, sempre que non con leven un risco racionalmente grave para a vida ou a integridade física do funcionario ou de terceiras persoas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor. Prosiga coa moción.

O Sr. González toma a palabra (DO): No punto 4, a efectos os concellos que o desexen poderán asociarse para construír ou equipar unha galería de tiro a fin de facer un uso conxunto da mesma. No punto 5, os concellos haberán de dispoñer de lugares axeitados para a custodia de armamento asignado, coas condicións que prevexa a normativa aplicable. Os membros dos corpos de policía local baixo a súa responsabilidade, poderán custodiar o armamento asignado. No punto 6, que é o último, os vixiantes municipais e os auxiliares de policía non poderán levar armas. Ben, entón nós queremos levar a un acordo da compra dun armeiro, da compra e da instalación dun armeiro, correspondente, tendo a previsión de futuro, en medidas, aumento de efectivos e a posibilidade de ter que gardar armas largas. E no punto 2 do noso acordo, realizar a compra na maior brevidade posible, xa que o outro día os nosos



CONCELLO DE BARBADÁS

compañeiros do PP, deron a alarma e o señor Alcalde certificou de que non o había. E como está publicado e como está gravado, conseguintemente vólvese urxente. Vale?. E despois que, despois de facer unha visita, Intervención de Armas, dinnos que isto pode chegar a ser multable. Unhas multas dende 600 euros a máis de 100.000. Vale?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben. Señor Ramón Padrón, está na súa quenda de palabra. Ten cinco minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben. Non me vou estender porque isto xa o falamos o outro día. É unha deficiencia que existe na policía e estamos, cos acordos estamos totalmente de acordo, con esta inmediata, e logo o que si, non tiñamos constancia, que xa lle preguntamos o outro día, pero non se nos contestou, a canto ascendían estas multas por non ter o armeiro. Entón, neste caso, o grupo de goberno está, se isto é así, está caendo nunha irresponsabilidade e nunha gravidade porque se non temos o armeiro correspondente pódennos meter estas multas, pois, pois como se falou o outro día do tema tamén de que as cousas ao parecer non estaban como debían, ou incluso se falou de caixas de cartón, non foron palabras miñas senón do que se falou aquí. Polo tanto, estamos de acordo, como falamos o outro día xa disto e quedou claro que se necesitaba un armeiro para a policía. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde. Boas tardes a todos. Don Ramón, parte da culpa do que está a pasar é súa. Non esquive, non esquive como fai sempre o bulto. Aquí estes señores que están hoxe a gobernar e parte, e que son os responsables da situación impresentable na que temos á policía local, é súa, súa. Non se faga aquí, é que parece ser que o recoñeceu e tal. Hai que decatarse, hai que poñerse as pilas. Somos novos. Eu tamén son novo nesta corporación, igual que Manuel, igual que vostede e algún máis, pero hai que poñerse as pilas aquí cando se ven e traer os traballos doutro xeito e non escapar da responsabilidade. Dito isto, e dígolle isto non so por esta moción senón polas que leva escapando hoxe en todo o pleno. Non. vostede é responsable de case todas as cuestións que pasaron aquí porque este é o goberno que está aquí grazas a vostede e aos votos que representa. Non o tome a mal, don Santiago. Tamén é novo. Sabe que lle quero ben pero as cousas tamén, vólvolle dicir o mesmo que



CONCELLO DE BARBADÁS

a don Ramón que é outra persoa á que aprecio porque cando fala como cidadán dá gusto pero cando se pon no plan que se pon pois eu creo que hai que tirarlle das orellas. Vostede leeu a normativa e felicítoo. Non coma noutras ocasións que viña aquí con algunha moción copiada de Ciudadanos, que non procedía, non?. Pero

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Santiago, agradezo que non interrompa. Ten unha quenda de réplica despois de tres minutos.

O Sr. González toma a palabra (PP): Non pasa nada señor Alcalde. Xa sabe que son breve e que me sobra tempo. Non pasa nada. A veces non é cuestión de moito dicir senón de dicilo ben.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Afortunadamente. Señor Manuel, pero iso non impide de que cumpramos todos o regulamento.

O Sr. González toma a palabra (PP): Moi ben, señor Alcalde. Decía eu que loubámonos moito no Partido Popular, de que vostede lea a normativa e que se documentara, de que traia a lei ben sabida así xa sabe que ten que cumprir e ter a policía local á súa disposición para facer a súa labor. Vale?. Mágoa que non seguira lendo porque onde están as tarxetas de tiro, por poñer un exemplo. É outra das cousas que se están incumprindo e que vou relatar a continuación. Tranquilo que terá vostede tempo de abondo de me responder. Isto é coma se queremos facer a casa que non ten portas e vostede está pedindo fiestras. Lóxica mente, o armeiro é unha das necesidades pero a lista que ten a policía local, maltratada, porque hai que dicilo así, neste concello, non creo que sexa das prioritarias. Digo maltratada e digo ben, non esaxero, aínda que ao señor Alcalde parécelle que o Partido Popular que esaxera, e tal, ben, pois é mellor esconder a cabeza como o avestruz, non ve que a delincuencia está como está, non ver a situación que temos, non ver á policía local como a temos maltratada e despois pasará o que pase. E virxe queridiña que nos protexa. O vestiario dá pena velo. Déase unha voltiña comigo pola mañá e se temos a sorte de ver unha parella de policía local, porque ás veces está un só entón xa non se aprecia, ao ver os dous vese un uniforme de cor azul, outro de cor azul máis clariño e outro man camiño pena que non estea dona Ánxela, que por certo non sei porque se ausentou. Pena porque lle gustaría ver os bancos de cores do arco iris e todas estas gaiteradas que están a poñer, pois home, vamos camiño diso. Os vehículos? Os vehículos están en moi mal estado. Non vou



CONCELLO DE BARBADÁS

poñer aquí situacións que ao mellor non fan falta. Entérense! Vostede é concelleiro coma min e todos estes compañeiros da corporación e ten a responsabilidade que lle deron para ver como están as situacións. Vostedes, os dous, vale?, que para iso son equipo, ou deberían ser. Xa digo, os vehículos en mal estado, pregunte onde os teñen que arranxar, pregunten como andas as cousas a veces, e o vendidos que deixamos aos axentes da policía local, cando é un dos servizos prioritarios dun concello. Que iso si que é unha eiva que nós cando entremos a gobernar se a xente ten a ben darnos a súa confianza será unha das primeiras cousas que resolvamos. Iso tamén llo digo aquí para que quede reflectido ante testemuñas. A revisión das armas?. Habería que ver algún revólver se tira porque dende logo prácticas de tiro, os pobres, non teñen ningúns. A puntería que fagan pola súa conta e como poidan, e pagado do seu peto. E iso é outra das cuestións que é responsable o señor Alcalde. A dotación de munición. Eu lémbrome cando ao señor Alcalde, aquí, se lle enchía a boca, porque queda moi bonito, porque queda moi bonito porque á xente ... gústalle moito falar, fala moito, pero á xestión as veces non corresponde coa realidade, non? Acabámolo de ver co tema de deixar os coches fóra e todo ese tipo de historias, que si, que si. Eu xa vexo a maioría absoluta que ten o alcalde de Pontevedra. Segan vostedes así que van por bo camiño. Pero ben, atinxidos ao que nos interesa que é a policía local, neste caso, hai que dotalas de munición. Cando mandaron a vixiar aos pobos e colaborar coa garda civil con aquela tropa de delinquentes que andaban a asaltar chalets, que eran perigosísimos. Lémbrolle, que cando a garda civil que estaba preparada, que sabían perfectamente ao que ían, que lles fixeron unha pequena trampa para collelos en Carballiño, a un deles partíronlle un xeonllo, ou partir unha perna, ao outro agredírono, é dicir, tropa moi perigosa. E os nosos policías locais andaban as veces patrullando un só. E non vou dicir a situación que traían as armas, que traían os revólveres porque iso sabe ben o señor Alcalde porque é o responsable e o que ten que arranxalo, non nós. Nós temos a responsabilidade moran de denunciálo. Xa digo, das prácticas de tiro, por deus, que se poñan, que se poña as pilas o señor Alcalde que é o responsable máximo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

O Sr. González toma a palabra (PP): Aquí non hai que botarlle a culpa ao BNG que é o que está gobernando. Cando acabe o tempo dígameo.



CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Manuel ten que ir rematando. Cinco minutos, oito segundos.

O Sr. González toma a palabra (PP): Moi ben, entón sigo na segunda parte. Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Mire, eu teño cinco minutos. Vou ser máis breve que todo iso. Non me fai falta tanto tempo. Cando este Alcalde chegou á presidencia desta corporación e diríxome a Manuel, digo a Manuel, perdón, a Santi. Cando este alcalde chegou á presidencia desta corporación, unha das primeiras cousas e tarefas que se encomendou foi reunirse coa policía local. Así foi. E están aquí e poderían atestigualo. Houbo diversas reunións con eles e trasladaron diversas queixas, suxestións, propostas e iniciativas. Unhas eran máis viables, outras menos viables. Unhas realizables e outra non. Entre elas, estaba, ben certo é o do armeiro. O do armeiro. E ben certo é tamén, e pódense revisar os orzamentos deste concello, que si que se contemplou a compra e adquisición dun armeiro. Ben. Chegado o momento, non se comprou. E voulles ler a razón de por que non se mercou. Eu son o xefe da policía local, pero son o xefe da policía local e o xefe de persoal, tamén. Eu son o responsable deste concello, o responsable máximo. Pero é certo que por debaixo de min, e a quen lle teño que pedir información é ao responsable da policía local, que é o coñecedor de todo isto. E este señor, elaborou un informe que é o que se cingue á realidade, porque el o considerou así e é o que someteu á miña consideración. Que pode ser máis acertado, máis atinado ou non? Ben, foi a decisión que se tomou. É así. Dende a creación desta plantilla da policía local no ano 2001, as armas regulamentarias asignadas, 2001, as armas regulamentarias asignadas aos axentes eran gardadas nos calabozos da xefatura. Calabozos por outra parte, só se utilizan para gardar estas armas e algúns obxectos de valor que son atopados e entregados por particulares. No ano 2015, por parte dos axentes, no 2015, fíxoselle a petición ao señor alcalde, a min, da necesidade de adquisición dun armeiro. Así é, no que poder gardar as armas. Por parte do señor alcalde, consúltaseme a necesidade desta situación e se comunica que hai unha partida orzamentaria do arredor de 2.000 euros co que se pode adquirir un armeiro. Dende a xefatura, dende esta xefatura, se lle comunica que antes da instalación dun armeiro, está a necesidade de instalar unha persiana metálica na entrada da xefatura, xa que unha simple porta, xa que actualmente había



CONCELLO DE BARBADÁS

unha simple porta de aluminio e cristal, insuficiente para garantir a seguridade das dependencias. Nese momento había, unha porta de aluminio e cristal que impedía garantir a seguridade dese establecemento. Establecemento, do local, desa oficina. Dende alcaldía autorízase a instalación da persiana con cargo a esa partida orzamentaria, no mes de xullo do ano 2015. É dicir, tomouse posesión por este alcalde no goberno municipal en xuño do 2015, en xuño, e en xullo xa se colocou a persiana. E en xullo xa se colocou a persiana. Adquírense tamén seis arquivadores plásticos, independentes con chave, par que cada axente garde a súa arma. Previamente a esa situación, non había eses arquivadores. Ou sexa, estaban noutro lugar, estaban noutro lugar. Incorrecto. Pero priorízouse, o que había que priorizar nese momento. Dado que todas as fiestras da xefatura están provista de reixas de ferro, coa instalación de persiana metálica, refórzase a seguridade das dependencias, considerando desta xefatura, desta xefatura, que o almacenaxe das armas no calabozo que está provista dunha porta de seguridade e da que só os axentes teñen chave, da que só os axentes teñen chave, pode ser suficiente. Teño que dicir que esta xefatura en ningún momento se opuxo á adquisición dun armeiro. Hai que ler o informe completo, eh!. O único que dixo é que no seu momento había outras prioridades, como a instalación da persiana para garantir toda a seguridade das dependencias. Pois ben, esta alcaldía dende o primeiro momento considerou que o armeiro era unha das prioridades, unha das prioridades, pero analizando a situación do conxunto do local, ou da oficina da policía local, optouse por gastar doutro xeito. Que agora é necesario o armeiro? Si. Si, completamente. E nós vamos apoiar esa moción. Completamente. Pero, ao informe me remito que desta alcaldía tomáronse inmediatamente as medidas que nese momento se nos propuxeron, e se consideraron de forma prioritaria. Non se tomaron ao libre criterio do señor Alcalde. Senón que o señor Alcalde infórmase, pide documentación e informes, documéntase. Teño que dicirlle que vamos a votar a favor desa moción, evidentemente. Non teño máis que engadir. Está na súa quenda vostede. Tres minutos, ten agora.

O Sr. González toma a palabra (DO): Nós, vamos a pedir un informe, si se pode, unha copia dese informe.

D. Juan Carlos Villanueva (PP) abandona a sesión ás 10:00 horas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, si, por suposto, poden.



CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. González toma a palabra (DO): Se non lle importa, non sei se temos dereito.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, teñen dereito.

O Sr. González toma a palabra (DO): Vale, vale. se nos poden facilitar unha copia dese informe. E eu non estou dicindo que, a min paréceme urxente dende que me decatei no pleno pasado. Unha vez que se publica a falta do armeiro, unha vez que se grava e queda elevado a público e empeza a ser un problema. E ao señor Manuel, se vostede quere facer algunha emenda, sobre esta moción, estudámolo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa rematou a súa intervención? Si? Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Xa dixen que íamos apoiar a moción como o dixemos o outro día, como levamos apoiado outro tipo de mocións que sexan para mellorar os servizos que se dan neste concello. Señor Manuel, vostede xa superou ao anterior señor Manuel, agora, porque agora, hoxe, agora xa o superou. Só lle faltaba poñer a chaqueta da policía, xa, para facerse, meterse máis no papel. Mire. Ten aí diante a representante do seu partido, a portavoz, estivo oito anos neste goberno, eh!, existían estes tipos de cousas na policía? Non, venlle botar a culpa aquí a unha persoa, representante dun partido político que tivo uns votos nas eleccións e por responsabilidade e por cen persoas, que vólvolle repetir, para que non, para que quede constancia porque vostede xa sei que vota cousas así, vostede, vostede e tal. Non, cen persoas, decidiron que este concello pasase a ser gobernado pois, por outra, por outras forzas políticas que chegaron a un acordo polo que sexa. Democráticamente. E nada máis. Entón non lle bote agora aquí a responsabilidade ao señor que representa Compromiso por Barbadás de como se encontra a policía local neste momento, entón pídalle tamén explicacións á portavoz do seu grupo que estivo oito anos neste goberno, e que lle pregunte a ver porque neses oito anos a policía local estaba igual ou peor. Porque datos, respondan aos datos tamén, porque vostede téñennos e representantes do seu partido no grupo de goberno, porque dende o 2001, ou corrobórenos ou mente, ou digan que mente o señor Alcalde. Que non é para defendelo, nin moito menos. Que dende o 2001 ata o 2015, non houbo ningún tipo de informe pedindo cousas para o tema do equipamento da policía local. Entón, non se poña aquí ningún traxe, non veña aquí de faroleiro, perdón pola expresión, vostede tamén antes dixo que me ía tirar das orellas,



CONCELLO DE BARBADÁS

pero xa sei que non mas vai tirar e menos dende onde se encontra. Entón, que máis lle vou dicir? Entende? Queren usar isto de, como antes o dos traballadores, aquí, para debater e para debater, e o problema está que a policía local segue con falta de equipamentos e de cousas que o grupo de goberno, que é o que está gobernando é o responsable de equipar á policía con todo o que necesite. Vale. Entón non lle bote a culpa aos demais e empece a mirar o, primeiro pida responsabilidades en quen tivo responsabilidades de goberno, en quen efectivamente estivo sentado gobernando, antes de pedirle responsabilidades a alguén que

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señor Manuel. Digo, señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): quen democrática mente decidiuse por un goberno pero que non ten ningún tipo de responsabilidade. Iso si, aprobamos as mocións despois se o grupo de goberno non as fai, oiga, a responsabilidade non é nosa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Correspóndelle a quenda de palabra ao voceiro do Partido Popular.

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas señor Alcalde, moi rápido. Teño que ir moi rápido, xa sabe vostede que o demócrata do señor Alcalde, xa ten un botonciño para non nos deixar falar. Xa é o sumum

O Sr. Alcalde toma a palabra: Perdoe. Perdoe un momento. Perdoe un momentíño. Voulle facer. Leva once segundos. Leva once segundos. O demócrata do señor Alcalde cumpre co regulamento, cousa que vostede ten a osadía de incumprir moitas veces. E vostede ten ese hábito, habitualmente, é unha redundancia, e ten ese hábito de facelo para boicotear e sabotear os plenos. Sabe? Prosiga.

O Sr. González toma a palabra (PP): Grazas, señor Alcalde. Sabotear non saboteo nada, grazas a deus tampouco procede. O que pasa é que como vostede presume desa cultura que adquiriu nun colexio alemán e non sei que, pero claro, para dar leccións hai que demostralo. Non lle queda outro remedio. Síntoo que sexa así, pero ás probas me remito. Lea as actas, vexa esa actitude e vexa esa democracia deste goberno. Escasiña, eh! Leccións de democracia xa lle dixen ao seu Tenente Alcalde que lle está a falar agora, que pouquiñas, e o PP creo que temos poucas que recibir de parte de vostedes, nin do PSOE nin do BNG. Moi rapidiño logo. Don Ramón. Esperten. Espértense e póñanse as pilas. En vinte e oito, non son eu quen defenda este goberno do PP porque



CONCELLO DE BARBADÁS

non estiven aquí, xa se defendeu el seu momento e habería problemas no seu momento. A ver quen non tería problemas. Pero en vinte e oito anos non houbo apenas reclamacións xudiciais. En tres anos que leva esta xente, hai máis de vinte e oito pleitos, e senón repásollos o outro día tráíollos porque os teño cuantificados e numerados. Facemos o noso traballo. A máis, lémbrolle a vostede que a nosa conversa antes de entrar aquí dixo, non, vamos aquí a cambiar o concello e tal. Pois vaia que o cambiaron, pero para peor. Porque se había algunha eiba agora potenciárona por dúas. Resolucións ningunhas. Se a policía local estaba mal, agora está moito peor. Entón, home, fágano mirar. Acabo moi rápido. Material de seguridade viaria, novo edificio, que o outro día votaron vostedes en contra, cando é unha das necesidades e unha das cousas que podía facilitar, poñer o arneiro, poñer parte das necesidades que ten. Os auxiliares andaron sen guantes. Andaron facendo servizos que non lles correspondían. Apoio da alcaldía, mínimo. Non me dá tempo? De verdade. Van a veces aos servizos solos. Ten que ir algún accidente de tráfico. Con que coincidan dous, non lle dá tempo. É verdadeiramente vergoñento. Pero míreo vostede porque desta xente xa sabíamos o que había. Pero vostede foi quen impediu que gobernara aquí o Partido Popular, eh!, e foi quen fixo que gobernara este tripartito, ou cuatripartito, agora xa está sendo, as veces votan a favor, xa case está sendo un cuatripartito. Pero ben, dá igual. A xente é quen decidirá e verá que catro anos de xestión, que estamos chegando a maio, eh!, e os catro anos de xestión que fai esta xente. Entorpecendo os cartiños e téndoos aí pechados, que os 18.000 euros tirados alí, a casa da mocidade, tres cuartos do mesmo. A casa esta, como era, o museo da gaita de fole, que non ten unha soa gaita, ben, agora ten unha, non? Ten unha. Quero dicir eu. Tirar os cartos. É responsabilidade súa. Foi quen os puxo aí. Non se lave as mans. Facemos unha moción. Canto tempo me queda señor Alcalde?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Quédanlle trinta segundos. Aínda pode falar moito.

O Sr. González toma a palabra (PP): Madre mía. Teremos facer unha moción, e poñerlles, dende logo, habería que poñerlles unha medalla a todos os membros da policía local, non poñerlle a chaqueta, poñerlles unha medalla. Ao mellor facer unha moción nese sentido. Deume unha idea.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina, por favor! E Ramón.

O Sr. González toma a palabra (PP): Poñerlles unha medalla polo bo servizo que



CONCELLO DE BARBADÁS

prestan

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non! non pode. Mirar cara vostede. Perdoe que interrompa. Mirar para vostede non quere dicir. Ramón, Ramón. Ramón. Ramón! Levantamos o pleno

A Sra. Prieto toma a palabra (PP): Estabas aquí, para sabelo?.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Eu non llo consinto, eh!

O Sr. Alcalde toma a palabra: Levantamos o pleno. Ten vostede trinta segundos. Levantamos o pleno.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Un respecto, eh!

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai un receso de cinco minutos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estamos todos? Falta Marabú. Pois está na súa quenda de palabra.

Está na súa quenda de palabra. Ánxela tamén. Pero dígoo agora. Ánxela está ausente por que marchou á súa casa por un asunto familiar. Pois ben. Prosigamos. Ten vostede trinta segundos.

O Sr. González toma a palabra (PP): Antes de que se me esqueza.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Empezamos de novo, veña.

O Sr. González toma a palabra (PP): Volva a marcar. Decía eu que antes de que se me esqueza, queremos a data dese informe e queremos unha data do mesmo. E non se esqueza, que queda rexistrado. Estaba dicindo que teremos que poñerlles unha medalla aos membros da policía local de Barbadás, polo bo servizo que prestan, tendo a vergoña de medios que o señor Alcalde lles dá. Dende logo o señor Valcárcel, pasará á historia por ser o peor alcalde para a policía local, con diferenza. E acabando moi rápido, queríamos presentar unha emenda in voce, o que pasa que non deu tempo na outra parte. Que sería a seguinte, crear unha comisión bilateral entre representantes de todos os grupos municipais do concello de Barbadás e os membros da policía local, todos os membros, non só co xefe, na que sexan escoitadas todas as reivindicacións da policía local de Barbadás e tratar de cubrilas o antes posible. Moitas grazas.

O Sr. González toma a palabra (PP): Aceptan vostedes esa emenda? Ben.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pode volver a repetir a emenda para que quede



CONCELLO DE BARBADÁS

gravada, un pouco máis amodo?.

O Sr. González toma a palabra (PP): Si, como non. agora xa non teño trinta segundos, entón podo falar normal. Crear unha comisión bilateral, unha comisión bilateral, entre representantes de todos os grupos municipais do pleno concello de Barbadás e os membros da policía local, todos os membros da policía local, que todos deben ser escoitados, que é moi importante, na que sexan escoitadas todas as reivindicacións da policía local de Barbadás e tratar de cubrilas o antes posible, cos medios de que se dispoña. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estaba o micro apagado. Empezo de novo. Quero lembrarllas a todos os membros do Partido Popular, que foi este concelleiro, hai oito anos, o que presentou unha moción, para ampliar a plantilla da policía local. Que naquel momento era de tres efectivos. E algún membro da policía local, algún membro da policía local, dirixiuse a min para darnos as grazas, ao grupo socialista por esta moción. A raíz diso, é certo, é certo, hai que dicir, que estaba contemplado na relación de postos de traballo a existencia de seis efectivos. Non me falla a memoria, pódeme fallar, pode fallar, pero non estaban creadas e cubertas as prazas. As prazas. E tamén haille que dicir ao Partido Popular, que os responsables de que non haxa máis efectivos de policía local neste concello, son eles, o goberno central do Partido Popular. E todos o sabemos. Aínda o outro día no último pleno, quedou evidenciado que se realizaron diversas consultas á Subdelegación do Goberno, sendo dirixido o goberno central polo Partido Popular, e que non obtivemos resposta a esa posibilidade de ampliación de efectivos da policía local. Tamén o digo, e quedou aquí constancia. Este alcalde, reuniuse, reuniuse, cos efectivos da policía local no seu momento, reuniuse colectivamente, reuniuse por individualmente, e reuniuse tamén co xefe da policía local. Ben. O xefe da policía local é o responsable deses efectivos, é a canle que hai que utilizar para recibir as súas queixas e suxestións. E dito iso, eu tamén escoito aos policías locais cando están na rúa, cando se dirixen a min e cando falan comigo e cando me piden falar comigo. E incluso, que o solicito eu. Pero evidentemente, os traxes e uniformes da policía local, non van a ser todos iguais, na mesma cor. Uns terán máis lavados, outros terán menos. Uns terán un uso máis frecuente, outros terán menor uso. Uns utilizarán un deterxente, outros non. Outros non. uns queren porras extensibles xiratorias, outros non. Uns queren unhas



CONCELLO DE BARBADÁS

botas dunha determinada tipoloxía. Outros non. este alcalde diríxese á persoa que se encarga desta xestión e cando se lle fai unha petición, aténdea. Aténdea. Cando non se lle fai unha petición, evidentemente, non a atende. Pero repito. A canle, oficial para trasladar estas circunstancias é a xefatura. É a xefatura. Non hai outra. Non hai outra. Así de sinxelo. Entón, cando se pregunta, e me trasladan, así se fai. E cónstame, e cónstame, que as persoas que están na policía local, encomendadas deste traballo, preguntan. Non é unha. Son dúas. E tamén se recolles as súas suxestións. Unhas poden ser máis acordes á realidade, outras ao mellor non. para iso están as xefaturas e os responsables, neste caso tamén eu. E tamén terei que priorizar. Tamén terei que priorizar. Así de sinxelo. E dito isto, hai que recoñecer, hai que recoñecer que esta, este alcalde, este alcalde, este alcalde, paga as horas extras, da policía local. Cousa que vostedes non fixeron. Este alcalde, intenta, a veces non sempre se pode cumprir o que se compromete a facer, inténtao. Outros rompen acordos. Outros rompen acordos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que pouca vergoña, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está vostede na última quenda

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): e os demais témonos que calar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está vostede na última quenda de palabra. Ten un minuto vostede.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non teño nada máis que dicir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non ten nada máis que dicir. Dicir, que teño, como alcalde, podo pechar. Dicir que estábamos a favor desta moción. O armeiro vaise adquirir, pero dende logo que non estamos a favor da emenda presentada polo Partido Popular. A reunión, cos efectivos da policía local fágoas eu. E a reunión, coa xefatura da policía local, correspóndeme a min. Polo tanto, ese é a canle. A moción, polo tanto, imos a votar en contra, deixando clariño que este armeiro, o armeiro, vaise adquirir, pero dende logo que o que non está disposto a Alcaldía, é a saltarse os leitos habituais de responsabilidades. Entón, o Alcalde réunese cos membros da policía local. Aínda houbo reunións brevemente. Aínda, probablemente, está solicitada unha reunión, está solicitada unha reunión por algún efectivo da policía local, para reunirme con todos eles, e será así. Será así. Por problemas de axenda non foi posible. Por problemas de axenda non foi posible, pero manterase. E están aquí, dous efectivos da policía local



CONCELLO DE BARBADÁS

para corroborar esa situación, se a queren corroborar no momento que corresponda, cando teñan quenda de palabra, cando remate o pleno. Polo tanto os leitos legais son, Alcalde, xefatura e se procede, o Alcalde, e a xefatura, cos efectivos. Pero outra non, non nos equivoquemos. Non nos equivoquemos. Polo tanto, votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Democracia Orensana, Partido Popular e Grupo Mixto

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: PSOE e BNG.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Queda aprobada.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Aprobada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos, eu o que si digo é que o armeiro se vai adquirir, iso si. Dación de contas, e resolución. Ah! E unha cousiña que me esquecía, do 25 do 9, é o informe da policía local. Deste ano. Si, deste ano. Pódeno ensinar aí. 25 do 9. Sete, cinco, sete, oito, hai cinco votos a favor e cinco en contra. Si, si, do 2018. Hai unha moción de urxencia, hai que votar. Agora hai dous puntos da orde do día. Non, primeiro é a moción, Ánxela. Primeiro é unha moción. É por orde de rexistro. É a dación de crédito. É por orde de entrada, entón.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Aprobada coa emenda, a moción?.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, vai coa emenda. Si, vai coa emenda.

A Sra. Secretaria toma a palabra: A emenda coa moción. Ou sexa, a moción coa emenda.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor de M^a Consuelo Vispo Seara, Manuel González Vázquez, Nieves Carril Gómez, Manuel Angel Fernández Quintas, Miriam Prieto Valdés, (PP), Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra de PSdeG-PSOE e Xosé Manoel Fírvida Plaza, Serafín Núñez Pérez (BNG) o seguinte acordo: “ **Moción de Democracia Ourensana relativa á compra e instalación urxente dun armeiro para a Policía Local: 1- A compra e instalación do armeiro correspondente tendo previsión de futuro nas medidas, polo aumento de efectivos ou a posibilidade de ter que gardar nel armas longas.2- Realizar a compra na maior brevidade posible xa que as multas por non telo son cuantiosas e da mesma forma cremos que non telo é unha inseguridade. 3- Crear**



CONCELLO DE BARBADÁS

unha comisión bilateral, unha comisión bilateral, entre representantes de todos os grupos municipais do pleno concello de Barbadás e os membros da policía local, todos os membros da policía local, que todos deben ser escoitados, que é moi importante, na que sexan escoitadas todas as reivindicacións da policía local de Barbadás e tratar de cubrilas o antes posible, cos medios de que se dispoña.”

7. ACEPTACIÓN POLO TRÁMITE DE URXENCIA E MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DESTINADO AO PAGO DA PRODUCTIVIDADE E HORAS EXTRAS Á POLICÍA LOCAL.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día e que primeiro hai que votar a súa aceptación para o trámite de urxencia, é unha modificación de crédito que afecta, basicamente a un importe que se vai destinar á produtividade e a horas extras, neste caso da policía local. Este importe ascende a 20.000 euros. E con ese damos por satisfeito as necesidades económicas que hai para pagar a produtividade e as horas extra da policía local, e dar cumprida conta dos compromisos adquiridos con estes traballadores e traballadoras do concello. Polo tanto, este diñeiro detraese dun excedente que hai de seguridade social. Votos a favor da tramitación da urxencia?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ou sexa, da inclusión na orde do día por urxencia. Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Inclusión por urxencia na orde do día da Modificación de crédito destinado ao pago da produtividade e horas extras á Policía Local”**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Agora procede, polo tanto, o debate deste punto da orde do día. Pouco teño que dicir. Creo que a explicación xa a din. O destino deste diñeiro é para sufragar a produtividade de traballadoras e traballadores deste concello e tamén para poder pagar as horas extras da policía local. E dito iso, non sei se o dixeran antes, fai un traballo encomiable e que está disposta a facer traballos fóra de hora, nas actividades que este concello, e nas actividades e eventos que este concello desenvolve, que son moitos máis dos que se desenvolvían, neste momento, e que evidentemente teñen dereito a cobralos e o concello a obriga, a obriga, de pagalas. De pagalas. Quero



CONCELLO DE BARBADÁS

lembrarlles aquí, e o Partido Popular dirá o que queira, se é certo, porque mo transmitiron no seu momento que houbo momentos en que a policía local fixo traballos e non os cobrou. Queda dito. Señor Ramón Padrón. Ten cinco minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Moi brevemente. Querémoslle pedir ao señor Alcalde, no segunda quenda de intervención, que explique por que a Interventora, fai reparos sobre este pago. A outra explicación que deu, que deixe tamén constancia por que a Interventora pon reparo a esta modificación de crédito.

O Sr. Alcalde toma a palabra: moitas grazas. Señora Fina Varelas, deduzo.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ben. Dikir, que ben, o que dixo o señor Padrón, a señora Interventora puxo reparo sobre isto. Democracia Orensana, obviamente, está de acordo que as persoas que traballan teñen que cobrar, sexan policía locais ou calquera outro tipo de traballador. O que si me pregunto, xa había unha partida para a produtividade, quero preguntar por que é escasa esa partida ou en que cousa se gastou para chegar a este punto. Chegar ao mes de outubro e ter que facer outra ampliación de partida porque realmente non o entendo. Sempre vos digo e volvo a repetir que hai que ser máis precavidos á hora de facer as cousas, e non andar, agora pido, agora isto, non chega. Quero saber por que non chegou o diñeiro que gardastes para a produtividade. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que vaia por diante que o noso voto vai ser en contra, que xa o digamos xa de primeira que vamos votar en contra. Temos que explicar o motivo deste voto en contra de que os traballadores cobren a produtividade. En primeiro lugar, no pleno de febreiro de 2018, cando se trouxo a produtividade, a primeira modificación de crédito, o Partido Popular, abstívose para que saíra adiante. Vale? Todos recordades que...pero incluíase nese mesmo pleno, e teño aquí a acta, os criterios de distribución de produtividade. Os criterios de distribución de produtividade, son tres, por lei, vale? Aquí aprobáronse soamente dous. Cando nós limos, o outro día, cando nos entrega de urxencia o señor Alcalde, xoves pola tarde, a providencia de Alcaldía e o informe da señora Interventora, aquí realmente non se basea, nos dous artigos, este informe está incorrecto. Vale?. estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios prestados



CONCELLO DE BARBADÁS

fóra da xornada normal de traballo sen que en ningún caso poidan ser fixas na súa contía, nin periódicas no seu devengo. Nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos” É dicir, aquí, o que estamos a facer é que a produtividade a está cobrando persoal deste concello que non está facendo isto senón, que efectivamente, cumpre outros criterios, que a señora Interventora obvia, neste informe. Vale? e que por lei, efectivamente si o pon. Vale? Entón, aquí di que “as retribucións do persoal ao servizo do sector público, non poderán experimentar un incremento global superior a o 1.5% respecto aos vixentes do 31 de decembro de 2017. E que pono moi clariño, que o aumento dos 20.000 euros, supón un aumento maior do permitido, dada a reiteración e claridade coa que se establece esta limitación, parece evidente a posibilidade de aumentar crédito destinado á produtividade e gratificacións para o ano 2018. Isto o que quere dicir é que estamos incumprindo a lei. Nós o Partido Popular, neste momento, vai votar en contra, en contra, e dígoo ben claro porque primeiro, este informe está incorrecto, pola señora Interventora. O outro día explicou claramente que ten un reparo e que levábase a este pleno para levantalo. Non imos ser partícipes neste momento porque vamos ter que levalo onde se ten que levar. Isto é o correcto. E os traballadores explicámoslles, a algúns, hoxe á mañá e outros o venres, o que pasaba e por que o Partido Popular ía votar en contra, porque os defendemos con uñas e dentes, a onde haxa que ir, pero realmente o que fixo esta persoa que está sentada aí, o señor Alcalde con esta produtividade, non ten nome. É dicir, aquí di a señora Interventora, “estas gratificacións terán carácter excepcional e só poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios”. É que se basea nisto. É dicir, os traballadores que cobraron as gratificacións neste momento ata agosto, que nós saibamos, 23 de agosto, foi o último decreto, son persoas que fixeron a súa actividade dentro das horas laborais. As únicas persoas que o fixeron fóra de horas laborais, están dúas persoas sentadas neste momento no público e outras persoas que son pertencentes ao grupo da policía local. Entón, non estamos de acordo, nin con este informe, que non é real, nin con ir contra a lei. Alá vostedes co que fagan. Fun moi clara dende o principio en que o Partido Popular, a raíz de que pedimos asesoramento de que vamos a votar en contra porque non é. E tamén llo digo ao señor Alcalde, non nos bote á culpa ao Partido Popular porque nós sabemos o que fixo e pagar, vale?, a persoas que realmente non teñen os criterios de distribución de



CONCELLO DE BARBADÁS

produtividade, que dixeron no seu momento. Xa os que haxan aprobado ou non aprobado, ou que eu creo que non se aprobou ningún. O Partido Popular, trouxo unha serie de criterios para aprobarse nese pleno, que non fixeron nin caso, nin caso ao primeiro, entón agora mesmo os criterios son dous. Aquí a señora Interventora pon un. Este é o informe, que eu non mo estou inventando. Vale? Entón, que alguén nolo aclare, como nunca ven, tampouco nolo pode aclarar. Ese tamén é un problema do señor Alcalde que a señora Interventora non estea neste pleno sentada. Vale? Preguntaba a señora Fina, vamos a ver, aquí señora Fina, págaselle a xente, vale?, distinta produtividade. Eu non sei se vostede ve os decretos das persoas que se lle paga a produtividade e cal é o criterio? Hai persoas que van, voullo poñer así para non poñer nomes. Hai persoas que van ás sete e media da mañá a unha gardería, cobrando mal cobrado, porque tamén o temos que

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señora Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Dígoo na segunda intervención. Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Paréceme perfecto. Así debe ser ademais. Ben. Cal era a súa pregunta, señor Ramón?

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Que explicara o reparo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Esa era de Democracia. Vamos a ver. Vostedes saben que cando se empezou esta lexislatura había un orzamento de horas, perdón, de produtividade de 1.000 euros. Non vou entrar na dinámica de vou botar balóns fóra como fai o Partido Popular. O que é certo, é que a produtividade que había neste concello, no seu momento, reduciuse, gobernando o Partido Popular. A lei obriga a que a produtividade do ano seguinte parta do ano anterior. É dicir, se hai 1.000 euros só se pode incrementar no que permite a Lei de Presupostos Xerais do Estado, se é do un e medio por cento, do un e medio por cento. Pois incrementaríase nesa contía. Si se decide, incrementar, a contía de produtividade, é un reparo de pleno. É un reparo de pleno. Aquí xa se debateu esa situación hai uns meses e levantouse o reparo de pleno. E levantouse o reparo de pleno. A partires de aí, o importe de partida para o orzamento para o ano que ven, é o que se fixou nese pleno. Agora non recordo que contía é. Se eran de 20.000 euros, o ano que ven, podería ser 20.000 máis o que se fixe de



CONCELLO DE BARBADÁS

incremento na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Se agora volvemos a modificar ese importe, volvemos incurrir no mesmo reparo que se sinalou antes por parte da Interventora. Si se aproba, o ano que ven, a contía de partida, sería, pois por poñer, agora que se incrementa 20.000 euros máis, supoñamos que partíamos de 20.000 euros, serían 40.000 de produtividade e horas extras, e horas extras, ao que lle habería que sumar o que permita incrementar a Lei de Orzamentos Xerais do Estado, que non sei que contía é. e ademais un límite anual, un límite, en función do presuposto da masa salarial do concello. Estamos cumprindo con eses requisitos. E ademais lémbrolle a todos vostedes que algúns grupos aprobaron ese levantamento de reparo. Cal é o motivo polo cal, entre outras cousas, entre outras cousas, se fai ou se gastou este diñeiro? Porque evidentemente hai traballadores aquí que nun momento determinado asumiron unhas responsabilidades que non lle competían. E algúns traballadores e traballadoras, que están facendo traballos fóra de hora. Fóra da súa xornada laboral. A policía local, por exemplo, é un exemplo, está traballando aínda este sábado pola noite na Romaría Feminista, por exemplo. Ou traballa noutros eventos como puideron ser as festas de A Valenzá. E iso teñen dereito, e eu e todos nós temos a obriga de pagalo. Non puxen tempo pero creo que con iso é suficiente. O informe da Interventora é o que é. É un informe técnico. Eu non podo dubidar do informe da señora Interventora e é o que está aí. Non teño moito máis que dicir. Está na súa quenda de palabra o señor Ramón, non, vostede. Vostede señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): De acordo. Nós, daquelas, xa naquel levantamento de reparo xa votamos tamén a favor. O que si, quería que me contestara tamén, despois cando teña a outra quenda de intervención porque isto ven, tráese o xoves, porque isto vai en relación ao que lle preguntabamos ao principio de que se convocaba, quen convocaba o pleno, non viña ningún asunto de goberno e o xoves aparece isto, este asunto de goberno metido para este pleno. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vostede, Democracia Orensana. Nada que dicir? Partido Popular?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Sigo onde o deixei. Hai persoas neste concello, empregados que cobran 800 euros e que o Partido Popular non está de acordo, a verdade. Hai que cambiar a RPT, todos estamos de acordo. E sinceramente, a esa xente



CONCELLO DE BARBADÁS

que ao mellor está fóra de horas, e que se levanta ás 7 da mañá para ir atender a eses nenos, non se lle dá a produtividade. A produtividade aquí ten uns criterios que non os entendemos e non os entenderemos. O que pasa que a veces hai que pagar pequenos factores, e esas cousas. Que as vamos deixar aí como sempre din que o Partido Popular as deixamos enriba da mesa. Pero eu creo que hai razóns e obvias, se ven vostedes, cando realmente vemos, ao mellor unha persoa que está a cargo dunha gardería, que realmente, ou sexa, nunca se cobrou unha produtividade e que era unha persoa por levar iso, que se cobre esa produtividade. É que hai cousas que non entenderemos nunca, pero ben, non vamos entrar aí. O que si queremos deixar claro, é que non estamos en contra, que non estamos en contra de que os empregados cobren a produtividade. De que si este goberno non fai ben os seus deberes, senón que tiña que, no momento que se fixo aquela modificación de crédito, polo mes de febreiro, nós abstivémonos para saíra adiante, as contas, sabíamos que non ían a saír porque sabíamos soamente que serían, pois, a policía local e dous ou tres persoas máis que facían esa produtividade, fóra de horas. E neste momento, hai persoas incluídas nesa produtividade que se multiplicamos, é imposible que dea, señor Alcalde. Os deberes están mal feitos pero é como sempre. E mire, que votaran outros, os partidos que estamos aquí, nesta corporación á anterior modificación de crédito?. Si. Pero isto é distinto. E se eles non o leeron temos a responsabilidade de comunicarlles tanto vostede coma nós este informe. E de que llo lean porque non está correcto. Vale? Grazas señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben. Moitas grazas. Mire, señora Chelo, de quen é a responsabilidade de que os salarios que se fixaron no seu momento, de 600 euros? Será do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É que o acabo de dicir, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben. Pois asúmano, asúmano. E de quen é a responsabilidade de que haxa traballadores, que desempeñan, traballadores e traballadoras, que desempeñan funcións e traballos e labores que non se correspondan ca súa categoría que están asignadas?. Pois vostedes saberán. Eu lánzolle a pregunta para cando queiran falalo fóra deste pleno porque evidentemente, eu pecho o debate. Pregunten. É o que marca o regulamento, señor Manuel. Lamento que se teña que rir pero que di a si a lei e non a di para min só, dío para todos os alcaldes e alcaldesas deste



CONCELLO DE BARBADÁS

país. É unha desgraza pero tocou así. Ten graza para vostede, claro. Para vostede. É unha pena, é unha mágoa que sexa así. É unha mágoa. Pero vostede é o que se ri, da lei, ademais, da lei é do que se ri. Cando vostede tiña que ser un dos cumpridores da mesma. Pero ben, dito iso, o que dicía, a responsabilidade de certos salarios que si que son bastante curiosos por chamarlle dunha forma eufemística, por non dicir lamentables e penosos, é do anterior goberno. este goberno intentou falar, ou falou cos sindicatos, e con Intervención e con Secretaría e cos responsables do concello en relación a cales podían ser as causas para podelo modificar. Pois son as que hai e non é posible. Votos a favor, desta modificación de crédito?

A Sra. Secretaria toma a palabra: PSOE e BNG, que son sete votos.

O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Oito. Oito

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ah!, perdón, máis Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Oito, si. Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Democracia Orensana.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, Xosé Manoel Fírvida Plaza, Serafín Núñez Pérez (BNG) e Grupo Mixto, os votos en contra de M^a Consuelo Vispo Seara, Manuel González Vázquez, Nieves Carril Gómez, Manuel Angel Fernández Quintas, Miriam Prieto Valdés (PP) e a abstención de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Levantamento do reparo para o expediente modificación de crédito por transferencia 16/2018”**

8. MOCIÓN PRESENTADA POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, DE APOIO ÁS PERSOAS QUE FORON DENUNCIADAS POR RECLAMAR A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai un punto adicional da orde do día que é unha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, que primeiro hai que votar a súa urxencia, que fai referencia á devolución do Pazo de Meirás, de apoio ás persoas que foron denunciadas por reclamar a devolución do Pazo de Meirás. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira, si, neste caso voceiro, que non hai máis. Señor Sarín Núñez, por



CONCELLO DE BARBADÁS

favor.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Si, boas noites a todas e a todos. Aos asistentes a este pleno da corporación municipal. Ben, o motivo de incluír esta moción nas comisións informativas do xoves da semana pasada era pola présa que tiña porque os encausados por esta teórica usurpación este ben que consideramos que, evidentemente, é público e se encontra en mans privadas, declaraban o pasado venres, ás 10 da mañá no xulgado de Betanzos. Entón considerábase que era unha moción, era algo que tiña, era unha urxencia traela a esa comisión e tomar este acordo plenario, neste momento, tamén.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Esta relación tamén ben ao caso, que lle preguntei antes, ao señor Alcalde, por que o grupo de goberno non traía nada na orde do día do pleno, é

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Democracia Orensana

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor PSdeG-PSOE, Xosé Manoel Fírvida Plaza, Serafín Núñez Pérez (BNG) e Grupo Mixto, os votos en contra de M^a Consuelo Vispo Seara, Manuel González Vázquez, Nieves Carril Gómez, Manuel Angel Fernández Quintas, Miriam Prieto Valdés, (PP) e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Inclusión por urxencia da Moción do BNG en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás”**

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois polo tanto agora ten cinco minutos para defender a moción.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben. Como comentei na comisión do xoves pasado, efectivamente, este pasado venres tiveron tomando declaración no xulgado de Betanzos, a 19 encausados por esa teórica usurpación nun ben que consideramos de dominio público, e que hoxe se encontra, dende os anos corenta do franquismo en mans da familia Franco. Algo que consideramos, que efectivamente, ten que proceder á súa,



CONCELLO DE BARBADÁS

que evidentemente como consideran estes 19 encausados, á súa devolución. O delito que en teoría se lle, polos que se inculpa a estes dezanove persoas, galegos demócratas, militantes sindicalistas, activistas sociais e culturais deste país, é pois por colocar unha pancarta no Pazo de Meirás, unha pancarta que dicía, “o Pazo é do pobo galego, franquismo nunca máis” Vale?. É dicir, e por isto é polo que se considera que efectivamente se encausa a estas 19 persoas. Vou facer unha pequena relación, un pouco, o que supón a exposición de motivos da moción. Vou dicir que no pasado 30 de agosto do ano 17, como digo, este grupo de persoas realizan unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar, non unha, senón dúas faixas, eh!, no Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que cremos, que creen, que efectivamente debe ser do pobo galego, de todos e todas nós. Consideramos que era, considérase que era preciso tomar esta iniciativa para que as institucións públicas que teñen a capacidade para facer, abandonaran a pasividade e actuaran para rescatar o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco. Dicíamos que efectivamente foi unha acción absolutamente pacífica realizada nun día de visita pública na que a obriga dos na que a obriga dos detentadores do pazo era telo aberto ao público, como corresponde un patrimonio declarado como Ben de Interese Pública. A Acción durou aproximadamente dúas horas e os inculcados por esta cuestión saíron de maneira pacífica ante os axentes da garda civil sen ningún dano, incidente nin dano ao patrimonio. Crese que efectivamente, cremos que efectivamente é participado pola inmensa maioría da sociedade galega que se considere inxusto que este patrimonio, así como tamén a Casa de Cornide e as estatuas de Abraham e Isaac do Pórtico da Gloria, nas mans dunha familia, a do ditador Francisco Franco que accedeu a este patrimonio dunha maneira absolutamente ilexítima, amparándose no uso e abuso do poder. Tamén asumido de maneira ilícita por medio dun golpe de estado e no terror en contra da poboación en que se sustentou o exercicio de poder naqueles anos. Nestes días foron moitas, a partir desa época, moitas as persoas e colectivos que se fixeron co-partícipes desta, do apoio a esta xente. Vouno comentar máis adiante. Foi, evidentemente, unha ocupación simbólica que tivo tamén unha repercusión nacional, internacional a nivel de Estado, e reactivou este debate. E é notorio, que efectivamente, o Partido Popular, que non manifestou ningún interese polo patrimonio espoliado polos



CONCELLO DE BARBADÁS

Franco, tivo que asumir, sequera formalmente no Parlamento de Galicia, o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego, formalmente. Así pois, todas, é unha acción que evidentemente, pois hai que sentirse, efectivamente, orgulloso de forzar esta demanda de rescatar para o patrimonio público algo que foi espoliado por esta familia, despois da Guerra Civil. E ben, hai unha serie de delitos polas que se lles inculpan, a estas 19 persoas denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, por Carmen Franco de Polo e por José Cristobal Martínez-Bordiú Franco, neto do ditador. Unha serie de delitos que suman, pois unha cantidade inxente de penas, que suman un total de 13 anos de prisión, que van estipulados aí na exposición de motivos e que poderían sumar, pois ata medio millón de euros de multa. Entendemos que efectivamente, esta é unha actuación que é unha barbarie tanto dende o punta de vista político como xurídico. Politicamente resulta absolutamente lacerante e sorprendente que calquera persoa, simplemente demócrata que viva noutra latitude diferente ao estado español, que os bens espoliados polo ditador continúen en mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público ao final da ditadura. Esta é unha cuestión que alén do real, mesmo patrimonial deses bens para alcanzar simbolicamente unha dimensión política excepcional. Achamos que a continuidade, penso que efectivamente, pensamos dende o BNG que esta continuidade nas propiedades da familia Franco, simbolizan magnificamente a continuidade das estruturas de poder da ditadura, no ámbito económico, xudicial, mediático, que foron herdadas do réxime do 78.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señor Serafín Núñez.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Entendemos que efectivamente, por rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Serafín Núñez, ten que seguir despois.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Veña. Remato.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben. Como preguntei antes ao señor Alcalde, e non me contestou, por que, volvo repetir, volvo repetir o que dixen ao principio, que se convocou un pleno que aínda así, efectivamente, claro está, é o Alcalde o que convoca os plenos pero, por que, por que xúrdenos outra vez a dúbida, por que se convoca un pleno onde o grupo de goberno non trae absolutamente nada ao pleno e ven



CONCELLO DE BARBADÁS

unha providencia de alcaldía o xoves, o xoves traen unha providencia de alcaldía, que foi o anterior modificación de crédito, non veu o luns na convocatoria do pleno e agora, presentan tamén unha moción sobre o Pazo de Meirás, que nos acaba de relatar o compañeiro Sarín. Entón, queremos saber, non sei cando convocaron o pleno se estas dúas cuestións non tiñan pensado traelas. Por iso que temos a dúbida de quen convoca o pleno. Ben. A continuación? As repetidas veces que me dea a gaña, eu non o interrompín a vostede, pero ben.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu creo que está na súa quenda de palabra. As risas

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Na miña quenda de palabra eu vouno repetir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, déixame falar un momentíño, por favor.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Unha palabra, cincuenta veces.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón. Ramón.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Tres veces. Que non te decatás. A ver se che contestan dunha vez, home.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón Ramón, por favor. Señor Manuel.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ramón Pois seguireille preguntando.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón Se vostedes queren rirse ou facer sorna, mofa e befa de alguén, fágano en voz baixa. Fágano en voz baixa, pero creo que aquí todos os concelleiros e concelleiras merecen respecto. Todos e todas. Polo tanto, el, mentres estea no uso de palabra, ten o seu dereito. Prosiga, por favor. Vai un minuto quince, Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Volvo repetir, os argumentos que nos deu antes non nos quedaron claros. A ver se nolos volve dar por que se convoca o pleno e despois non traen nada e tráeno o xoves. Ben. Outra cuestión. Dixémolo en comisións informativas. Nós, sempre apoiaremos unha moción de urxencia, que quede constancia aquí tamén, que nós presentamos no seu día unha moción de urxencia e foi rexeitada en comisión informativa, non puido ir a pleno. Quero tamén que quede constancia., para que se saiba tamén cal é a nosa actitude en relación coas mocións de urxencia. E o Partido Popular que é o que votou en contra, abstívose na comisión informativa da urxencia e agora no pleno, votan en contra. Senón recordo mal. Estou na miña quenda



CONCELLO DE BARBADÁS

de palabra. Pero quero recordarlle ao Partido Popular que no seu día votou en contra na comisión informativa da moción de Compromiso por Barbadas e era sobre un tema, e era sobre un tema específico de Barbadas, non sobre o Pazo de Meirás. Vale. Ben, pero, claro que cada un vota o que queira, pero eu tamén deixo constancia aquí da súa maneira de proceder. E nada máis. Con relación á moción subscribimos as palabra que dixo o señor compañeiro Sarín. Vamos a votar a favor e nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira de Democracia Orensana.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ben. Vou aclarar por que abstención. Vamos a ver. Penso que esta moción, para ser urxente, para Democracia Ourensana, tería que ser con referencia a temas do noso concello. Iso non significa que a moción, despois xa de lela, estea completamente de acordo con ela. Ou sexa, penso que o Pazo de Meirás, xa tiña que ser do pobo, xa hai moitos anos. eu penso que a familia, cando faleceu o ditador, se tivera un pouquiño de, non sei que palabra utilizar, pero, penso que o momento, cando faleceu o ditador, isto tiña que pasar a mans do pobo. Paréceme unha barbarie isto que lle piden, porque sinceramente, por cousas ben máis graves que pasan estanse pedindo condenas ben máis pequenas. Dicar que coa moción estamos de acordo, como non podía ser menos pero eu agradeceríalle ao goberno, para non sementar dúbidas, para non ter mal ambiente, que por favor, as mocións se presenten de urxencia, as que correspondan realmente ao noso concello porque sábeme mal, ter que votar unha abstención cando a min me gustaría votar que si porque a moción, efectivamente, vamos a votala a favor porque está ben entendido, ben claro e ben explícita. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina. Correspóndelle a quenda de palabra á voceira ou voceiro do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Falaba co meu grupo fai dous minutos que eu creo que estou vivindo o pleno máis surrealista desta lexislatura, porque sinceramente non entendo moitas cousas das que estou ouvindo. Sinceramente, o Grupo Popular vai votar en contra porque entendemos que non é unha urxencia, o Pazo de Meirás, para Barbadas. Que este grupo de goberno sigo dicindo que non fai os deberes. Que ten, vamos a ver, soamente con ver a convocatoria do pleno, vale? que hoxe, trasladouse aquí, viuse que a providencia do señor Alcalde para a modificación de crédito, ven un



CONCELLO DE BARBADÁS

xoves ás seis da tarde, ás sete, preséntase na Interventora, non temos coñecemento os grupos do que está pasando, cando realmente é importante para todos os traballadores deste concello, decatámonos de urxencia. Despois, algo do Pazo de Meirás, que nos vai nin nos ven ao concello de Barbadás, tráeo o Bloque nacionalista Galego que é parte desa corporación. Miren, tres semanas, vale?, que protesta o señor, aquí señor Padrón, porque tres semanas soamente. En tres semanas, Partido Popular e Democracia Ourensana, vale?, traballamos. Todos temos os nosos traballos, pero temos que seguir loitando para mellorar aos veciños de Barbadás. E isto é unha auténtica vergoña, vale?, que nos traian todo por urxencia. Quérennos meter, ben, voume calar, porque sinceramente...Mire, vamos votar en contra e xa está. Vale?. Vale?. Abstémonos? Ben, pois abstémonos e xa está. É que xa é igual.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Miren. Si, por favor, correspóndelle e máis ca iso. Tres minutos.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Vou ser breve. Rescatar como dixeran, o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria, é algo, efectivamente, é unha esixencia absolutamente democrática. Dicir que foi unha acción absolutamente simbólica nun día de visita, polo tanto non se pode considerar unha violación de morada dun edificio que está aberto ao público, cando non se fixo ningunha medida de presión e se desocupou perfectamente. Terceiro, resulta irónico que unha fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura, para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo goberno español e que en días previos a acción manifestou publicamente que o seu obxectivo era exaltar a figura do ditador e acusa a persoas demócratas dun delito de atentado contra o honor. É o mundo absolutamente ao revés. Dicir que efectivamente, no contesto político e xudicial, estamos vivindo, efectivamente esta situación porque está amparada e protexida por unha administración de xustiza que efectivamente, non foi suficientemente democratizada no fin da ditadura, e que efectivamente pois temos a estrutura de poder, ao respecto da administración de xustiza que temos. Se isto o leváramos ao terreo político, sería moi similar, pensar que efectivamente, aquela xente que estaba no réxime político mandando este país despois dun golpe de estado da Guerra Civil durante corenta anos, se ensalzaron e se amortizaron en relacións políticas supostamente democráticas como foi Alianza



CONCELLO DE BARBADÁS

Popular, e evidentemente porque non houbo ningún tipo de transición. E se vamos ao tema xudicial, poderíamos nomear que por exemplo, a primeira muller que exerceu a xudicatura no estado español, foi no ano 78. É dicir, nun pobo de Badaxoz. Polo tanto iso quere dicir, que efectivamente, hai, evidentemente, o que ven de atrás, hai moito, moito e moito que mellorar e moitas cuestións que temos, moitas eivas que temos aí. Vou pasar a ler os acordos da moción para que me podan entrar nos tres minutos. Os acordos da moción din que, expresar os apoios das persoas que o pasado 30 de agosto do 17, participaron nunha acción pacífica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos, de recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego. Manifestar o rexeitamento respecto á demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú, contra 19 demócratas que participaron nesta ocupación simbólica e pacífica, e que son acusados de delitos de odio, de honor e danos e violación da morada. Expressar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás pola Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do exercicio fascista da ditadura e do ditador e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización desta fundación. Instar ao goberno español a que inicie de xeito inmediato as accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, que a un acordo con informe xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e un acordo unánime do pleno para que a administración poda reclamar este ben público, roubado ao pobo galego durante ese réxime franquista. E dar traslado a este acordo ao goberno do Estado, Parlamento e Deputación Provincial. Dicir, e remato, dicir que hai unha serie, hai case 3.000 apoios individualizados, 2.833 había esta tarde. Hai un apoio de moitísimas organizacións políticas, sindicais, culturais, tanto do estado español como de Brasil,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar señor Serafín Núñez. Grazas

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben, nada máis. Señor Ramón Padrón, ten tres minutos. É a segunda quenda.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Mire, aquí vese claramente como funcionan os señores do Partido Popular por intereses partidistas. Ben, intereses de vez en cando partidistas. Ou sexa, agora veñen dicindo que estas mocións que non teñen nada que tal, sen embargo, en comisión informativa, abstéñense. E agora, votan en



CONCELLO DE BARBADÁS

contra. ou sexa, abstéñense da urxencia, cando unha moción de Compromiso por Barbadás, por Barbadás, que tiña con relación con Barbadás, votaron en contra, votaron... Eu non podo falar aquí, señor Alcalde, que pasa? Eu estiven calado mentres vostedes interviñeron.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Prosiga coa súa intervención

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Eu estiven calado

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, que leva un minuto catorce segundos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): E?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Leva un minuto catorce segundos.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Seguirei un minuto máis porque estanme interrompendo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estamos entrando en un bucle, francamente. Vostedes, un falando e outro falando. Prosiga. Eu mandareinos calar. Por favor, respecten a quenda de palabra.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Isto é increíble.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pola moción, que din que son mocións intrascendentes. Din vostedes. Mire. Pois si que son trascendentes porque, na Deputación Provincial da Coruña, o Partido Popular vota a favor e vostedes aquí xa non sabías se votar, absterse ou... Entende? Entón, si, algo que pensamos que votan na Coruña por unanimidade, de repente, en Barbadás non vai ser votado por unanimidade. Entón, pois, xa vostedes mesmos xustifican que isto veña aquí ao pleno deste concello. Vostedes mesmos o xustifican. E logo, lembren vostedes que aquí viñeron cunha moción sobre os atentados, terrorismo e algunhas cousas, Miguel Angel Blanco... Acórdanse vostedes? Entón, se tachan unhas cousas incongruentes para debater aquí, non traian outras, tampouco.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou? Grazas por cumprir co tempo. Voceiro ou voceira de Democracia Ourensana, tres minutos.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ben, pois vou ser breve. Dicar o que dixen antes.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, vamos a ver, señora Fina, un momentíño. Volvemos a entrar na dinámica de ante. Volvo suspender o pleno, cinco minutos. Non



CONCELLO DE BARBADÁS

quero. Estou no meu dereito e as veces ata na miña obriga. Creo que andar enzarzándose dun galiñeiro ao outro, mal exemplo lle damos aos cidadáns e á cidadanía deste concello. Por favor. Señora Fina, empece.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nada, dicir o que dixeran antes. Reiterar as palabras que dixeran, que a moción é válida. Recordarlle a todos os compañeiros que a forma de facer política axeitada non é esta. Se eu a veces, a veces tamén me enzarzo, non deberíamos facelo porque a imaxe, como di o señor Alcalde, e é certo, a imaxe que podemos dar as catro persoas que están aí no público, pódovos dicir que é mala. Se nos chegan a estar vendo pola tele eu creo que a xente reiríase, e seguiríanos, eh!, como se fose unha telenovela. Porque sinceramente, a veces cambiamos os papeis e un caos tremendo. Ben, Sarín, que a moción, que a vamos aprobar, como non podía ser doutro xeito. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Señor Padrón. Son as once menos cinco. Pídlle perdón porque a veces, xa dende as sete e media da mañá que estou esperta, a veces se me vai un pouco a ... sabe? E son as once, pero ben isto é que tamén ás sete e media ponnos os plenos aquí o señor Alcalde, que quere? Entón, pois a veces a miña consciencia xa non é ao cen por cen. É unha abstención, esta moción, vale? , para que o saiba aquí o compañeiro do Bloque Nacionalista. Pero mire, eu non son quen para darlle clases a vostedes, vale?, pero lease o regulamento. Vale? Nós, nas comisións podemos votar o que queiramos e no pleno tamén, vale?. non é vinculante as comisións ao pleno e xa lle digo que non son quen para dicirlle nada. Estúdeo vostede que xa leva tres anos e medio aquí. Vale? Entón, motivo de urxencia? Sabe o que significa motivo de urxencia? Pois realmente, cando algo que é para Barbadás, pois unha catástrofe, algo que realmente sexa beneficioso para Barbadás, o Partido Popular sempre estará de acordo. Pero neste caso, traer esta moción. Estaremos máis ou menos de acordo? Mire eu lina e podo estar ata de acordo. Pero sinceramente, isto no é unha moción de urxencia, por iso ímonos abster. Vale? Si, o sei xa, pero se non o le, que quere que lle diga eu? Mire, sabe por que lle dicía antes que isto é un pleno surrealista? Que alguén, o vouno dicir agora porque creo que árdeme na gorxa se non o digo, que un xefe da



CONCELLO DE BARBADÁS

policía local faga un informe a 25 de setembro de 2018, para amparar a este señor Alcalde que está sentado na miña esquerda, dicindo que unha porta de entrada da policía local é máis importante que un armeiro? Luciuse. E dígoo aquí publicamente para que conste en acta porque direino a el mañá se o vexo na rúa. E iso si que me arde na boca. Porque sinceramente que alguén faga un informe a esa data e que poña o que puxo nese informe, paréceme moi forte. Por iso penso que isto é un pleno surrealista e que este home poida dicir o que queira porque ten aínda encima o regulamento o di, que pode dicir o que queira, vale?. pero sempre que o Partido Popular, ataca, atácanos el despois e ten os minutos que queira. Iso é a democracia deste concello do BNG e do Partido Socialista e vostede que o apoia. E nada máis. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Chelo Vispo. Señor Serafín Núñez, está na súa última quenda de palabra. Ten un minuto.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Evidentemente, como vexo que todos os grupos van un pouco nesa cuestión, vou volver a citalo. Nós dende o grupo municipal do BNG, dende este, entendíamos que efectivamente era unha cuestión urxente porque esta xente inculpada ían a declarar no xulgado o venres, polo tanto entendíamos que era algo absolutamente necesario, traer isto aquí e evidentemente, e poñer enriba da mesa este tipo de cuestións. Ben, o que o Partido Popular se absteña, queda ben ás claras, o que considera o Partido Popular que é a democracia, o que considera que é a usurpación dos bens públicos por parte da Familia Franco como é nomeadamente estas cuestións. Non estou falando do armeiro, que xa se falou, estou falando do Pazo de Meirás, eh!. Estou falando da Casa de Cornide, das estatuas do Pórtico da Gloria, que son, que foron usurpadas por esta familia á que vostedes defenden.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Serafín Núñez.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Defendemos? Por deus?

O Sr. González toma a palabra (PP): En todo caso eran privadas, antes da usurpación eran privadas. Nin ledes a historia nin sabedes un carajo diso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O Alcalde vai pechar a quenda de palabra. O Alcalde vai pechar a quenda de palabra. E vai falar como Alcalde e neste caso tamén como voceiro do Partido Socialista porque o Partido Socialista non interveu nesta moción porque subscribimos integramente o que di a moción do Bloque Nacionalista Galego. E



CONCELLO DE BARBADÁS

dito iso, recalcamos, reafirmamos, corroboramos a afirmación do señor Serafín Núñez en canto ao espolio. Aquí os espoliados foron os veciños e veciñas de Meirás, cando se lles fixo pagar unha cota obrigatoria para sufragar un pazo. Iso chámase espolio, roubo e coacción. Iso hai un delito, literalmente. Iso é un delito. Nin máis nin menos. No ordenamento xurídico español, actualmente vixente, é un delito. Nin máis nin menos. E vostedes estanse facendo cómplices dese delito. Nin máis nin menos. Nin máis nin menos. Xa, xa, xa, xa. Iso é o que interesa. Antonio Machado aínda non descansa en paz. E García Lorca, tampouco. Perdón, García Lorca é o que non descansa en paz. Ese é o que non descansa en paz aínda. Miren, dito iso, en relación ás súas alusións, mire, o informe, o informe da policía local é un informe do xefe da policía local. Eu non lle pedín nada, máis que fixera un informe axustado á realidade. Se vostedes parécelles inoportuno, saberán por que. Pero fastídialle, claro que llo pedín, a razón dunha moción para que vostedes tiveran información fidedigna da traxectoria que hai aquí neste concello en relación ao armeiro. Nin máis nin menos.

A Sra. Vispo toma a palabra: E 2017 porque non fixo nada?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Explicouselle no informe cal foi a evolución desta situación. E xa está. E xa está. Votos a favor da moción?

A Sra. Secretaria toma a palabra: PSOE, BNG e Democracia Orensana. Perdón Democracia Orensana e Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á quenda de dación de contas, que xa teñen todos vostedes a documentación. Abstencións?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Abstencións? Abstencións? É que sempre te escondes detrás de alguén.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estás detrás, es máis delgado, Ramón.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que sempre te escondes detrás de alguén. Pon a man un pouco máis así. Xa pero vamos a ver, é que sempre

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor de PSdeG-PSOE, Xosé Manoel Fírvida Plaza, Serafín Núñez Pérez (BNG), Democracia Orensana e Grupo Mixto e a ausencia de M^a Consuelo Vispo Seara, Manuel González Vázquez, Nieves Carril Gómez, Manuel Angel Fernández Quintas, Miriam Prieto



CONCELLO DE BARBADÁS

Valdés, (PP) o seguinte acordo: **“Moción do BNG en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás: “1- Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego. 2- Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada. 3- Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación. 4- Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista. 5- Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.”**

9- DACIÓN DE CONTAS E RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver. Vamos actuar de novo con formalidade que é a que procede. A dación de contas teñen vostedes a documentación.

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

10- ROGOS E PREGUNTAS



CONCELLO DE BARBADÁS

Pasamos a rogos e preguntas. Imos de menor a maior como sempre. Señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, pois o único rogo, o señor Alcalde seguíume sen contestar. E pregunto, se os postos que se puxeron no último evento que se celebrou aquí, que foi o de Romaría Feminista, se pagaron algo pola situación onde estiveron. Recordándolle a este goberno, non sei, estou preguntando. Porque recórdolle aquí, un veciño deste concello, que paga os seus impostos aquí, por poñer uns postos, cobráronselle, veu aquí ao concello e cobráronselle case 200 euros, tamén para estar nun evento. Entón, quero, se efectivamente a esa xente non se lle cobrou, quero que o concello ou o grupo de goberno, saiba que este concello cóbralle a persoas que pagan aquí os seus impostos, por poñer uns postos e que se lle chegou a cobrar case 200 euros. Creo que a señora concelleira de urbanismo, é coñecedora dese tema.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Só un inciso. Cando o evento o organiza o concello, non pagan.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pois isto vai en relación, como cando nós viñemos coa moción de reducir impostos e vexan vostedes que aquí á xente cóbraselle, cóbraselle, xente que paga aquí os seus impostos, no concello, cóbraselle por poñer

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tamén se lles cobra aos hostaleiros, señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Era simplemente iso. Era saber se, digo que persoas na mesma situación, uns pagan e outros non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Democracia Orensana. Ningunha. Partido Popular, por favor.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si. Si, vamos trasladar un escrito mañá, por rexistro, e é un escrito cunhas preguntas que van dirixidas á Concellería de Urbanismo, Obras, perdón, Vías e Obras, Infraestruturas, Servizos e Vivenda. Creo que a denominei ben, verdade, señora Victoria.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Non na mesma orde que é pero ben.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Máis ou menos, si, porque, ben... Vamos a ver. Vamos trasladar un escrito sobre unhas irregularidades no servizo de obras do concello. Fixéronse diferentes actuacións, diferentes obras de albanelería, na rúa da Aira, na



CONCELLO DE BARBADÁS

localidade de Loiro. Ímoslle achegar xunto co escrito estas fotografías. Fixéronse intervencións en propiedades privadas. Ben. Feitas polos traballadores da brigada de obras. Hai máis irregularidades. Estou falando da rúa da Aira en Loiro, pero hai máis irregularidades. Que as poremos no seu coñecemento e en coñecemento do pleno e solicitaremos a información oportuna. Entón, hai varias preguntas que lle imos facer. A ver. Temos diferentes fotografías que nos achegaron de xeito anónimo desas obras dos traballadores da brigada que están traballando. De momento co escrito van ir soamente as das obras, non as dos traballadores como é lóxico, que as temos tamén e queremos que se nos dea resposta o máis axiña posible. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Algunha cuestión máis? Por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vamos a trasladar, é un rogo, dos traballadores deste concello, como sempre, despois din que todo funciona correctamente. Temos un tesoureiro neste momento, que cobra cerca dos 60.000 ou un pouquiño máis. Non o sei porque tampouco sei exactamente. Pero mire, non non, señor Fírvida, eu non estou dicindo nada en contra do tesoureiro. Estou dicindo que as nóminas a día de hoxe que é día 1, os traballadores deste concello, non o tiñan abonado. Eu, púxenme en contacto hoxe á mañá co departamento de contabilidade e o que me dixeron é que eles teñen o selo posto, o selo posto, vale?, pois o banco a onde vostedes o levan, con data do venres. Vale? entregouse a última hora da mañá, loxicamente pois, por motivos, eu non vou a entrar aí, non se pasaron e os traballadores non cobraron as súas nóminas. Vale? é un traslado que facemos porque é reiterado, reiterado. A parte, dixéronme que teñen ata o día 5 para cobrar esas nóminas. Iso non é certo. Neste concello cando gobernaba o Partido Popular, iso si que ímonos poñer unha medalla, o 27-28 como moito, tíñanas abonadas. Vale? Entón, o que non acepto é a contestación de hoxe á mañá, que como hai moitas baixas e que claro, que hai que aproximarse ao final de mes para meter esas baixas ou eses, ben, o que haxa. A ver, que hai xente que o día 1 paga as súas hipotecas, os seus recibos, vale? Entón é un rogo que paso dos traballadores deste concello que creo que todos somos conscientes de que hoxe e que máis que os soldos son o que son, e que realmente, hai recibos que hai que pagar. Vale? Entonces, por favor, fagan, é un rogo que o trasladamos

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero trasládolle eu xa a resposta, se quere, para



CONCELLO DE BARBADÁS

tranquilidade de todos. Houbo unha incidencia, vostedes saben que aprobamos neste pleno, a aplicación do 100% da incapacidade temporal, a partir dun determinado momento. Pois resulta que a aplicación dese 100% da incapacidade temporal, as nóminas deste mes, pois tivo unha incidencia. Tivo unha incidencia a aplicación, ben, puido ser máis rápida, non foi, por diversas circunstancias e esa foi a causa. Non houbo outra. Non houbo outra. É dicir, houbo que revisar esa situación e solventouse.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É un rogo que eu traslado, vale? Grazas pola contestación pero fágolle outro rogo, que se temos un tesoureiro que realmente cobra o que cobra, por favor, a parte creo que alguén contestou nun pleno que se traía para que fixera esas nóminas, vale? recórdoo Fírvida, vale? señor Fírvida, perdón. Entón, a ver, recordo o que vostede dixo. Efectivamente ese señor, pois que realmente que as faga, así como ten que facer outras cousas, e realmente, pois pediremos cales son as súas funcións, porque realmente os traballadores están pagando algo que realmente cos impostos dos veciños de Barbadás estamos pagando sesenta e pico mil largos ou setenta mil. O que di a lei, perfecto, pero por favor, que traballe, vale? Ou sexa, eu non me poño en contra da persoa, ollo, pero vamos a ver, as súas funcións, igual que a min mas piden, igual que a vostede, responsabilidade no seu traballo, ten que telo, vale? . Outro rogo, doutros veciños de Barbadás. Isto vai dirixido á área de obras. Ben, hai unha árbore á altura do Camiño de Val número 5, que creo que é un perigo inminente, que ten unha rama, creo que xa foi comunicado, vale?, creo que vai para vostede, señor Rafa. E que se poderían pasarse por alí para cortalo, porque está caéndose, entón calquera día, pois é unha rama bastante gorda. Entón, Camiño do Val, numero 5. Logo, trasladamos, é unha pregunta que nos fan os veciños de Barbadás pobo. Saben todos que o Partido Popular deixaba aprobado co remanente de tesourería no 2015, o que é a obra das Escorregas, das curvas, das beirarrúas que unía o que é A Valenzá co concello, co pobo de Barbadás. Trasládannos se esa obra, sabemos que o remanente de tesourería, está xa creo que finiquitado, entón, se realmente pódese optar ao orzamento do 2019? Teñen pensado facer algunha actuación sobre esta obra? E os veciños, pois, si quixerían que lles contestasen. Se agora mesmo non me poden contestar, nós mañá a mañá ímola meter de urxencia a pregunta, porque si estannos pedindo que realmente lles digamos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Contestaremos por escrito pero a asociación de veciños



CONCELLO DE BARBADÁS

xa ten coñecemento da resposta, se vostede non sabía, ao mellor. A asociación de veciños ten a resposta, xa, vale?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale. Se nola pode dar?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, darémoslla por escrito.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero se a sabe

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa lla daremos por escrito. É unha decisión da Alcaldía darlla por escrito. Así quédalles mellor constancia aínda.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Perfecto, moi ben. Facemos outra pregunta que entrará mañá, xa que non nos van contestar. Mire, a tala de árbores do campo de fútbol de San Roque, acórdase que foi unha permuta, 900 euros. Vale? cal é a nosa sorpresa que nos últimos decretos de alcaldía, encontrámonos unha factura de 5.300 euros da tala dos árbores da zona onde se fixo este sábado a primeira Romaría Feminista, vale?, a zona verde, a zona onde están cerca do río, 5.500 euros, por talar aqueles árbores. Vostede cre que os veciños de Sobrado vanse crer, vale?, despois do que cobrou por talar as árbores da zona verde, do río, e 900

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rafa. Por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si, si, sinceramente. Sinceramente. Entonces, a ver, alguén vai ter que explicarnos todo isto, sobre todo os veciños de Sobrado que perderon a diferenza. Vale? Iso déixollo aí, porque saben en canto nos saíu o sábado, Romaría, o sábado, primeira Romaría Feminista deste concello? 30.000 euros. 30.000 euros. Que deixámolo aí. Señor Alcalde, ímoslle pedir por escrito mañá, copia da licenza dos locais do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, porque esta semana entregamos a nosa, de que vamos a inaugurar un local que temos. Cal é a nosa sorpresa que cando entro en urbanismo cun proxecto que fixo un arquitecto porque mo pediron, pago a taxa correspondente e eu de broma, de broma, porque sempre estou de broma, vale?, digo, ben, teño que traelo porque creo que teño que dar exemplo das cousas ben feitas. Vale? E vostedes teñen licenza e teñen o pago

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vostede pregunte.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale, ímosllo poñer por escrito pero quero copia da data dese abono, vale? da cota, a ver se vai tamén aparecer con data destes días.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ao mellor algúns fixeron obras e outros non.



CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Entón, imos a facelo. Vale? Ou sexa, ímolo deixar aí porque non sei se é ou non é, entón prefiro que mo contesten por escrito. Mire, e por último porque ademais hai xente aquí que se vai decatarse disto. Metemos unha serie de preguntas, por se a oposición, os compañeiros da oposición, non o sabían, unha serie de preguntas sobre a Casa da Mocidade, vale? porque estamos preocupados con ese tema. Vostede sábeo, verdade, señor Fírvida?.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Están vostedes

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Estamos preocupados pola legalidade neste concello de como se fan as cousas. Vale? Entón preguntámoslle á señora Interventora se realmente é unha obra financeiramente sostible. Vale?. Aquí tróuxose a pleno, fixo un informe que deixou no aire se era ou non era, porque realmente non, pero, contéstanos que non. Que non é unha obra financeiramente sostible. Deixámolo aí. Vale? deixámolo aí.

O Sr. Fírvida toma a palabra: Lea leis do estado.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, as leis do estado claro que as leo. Outra cousa máis, ademais voulo dicir, unha

O Sr. Fírvida toma a palabra: ...as políticas de austeridade do Partido Popular. É así.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Aparte unha da normativa neste momento da lei, é que este concello, non ten que ter, cando se aproban estas modificacións de crédito en bloque, porque non soamente ía a Casa da Mocidade, ían máis obras que se van a facer neste concello. E recórdolle que se algo non é legal, cáese todo. Vale? entón, tamén lle digo, tamén lle digo que pedimos unha serie de preguntas que non nos contestaron. Hoxe á mañá, falei coa señora Interventora e o pode, o que pasa é que como non está, non pode dicir se si ou se non, pero xa lle digo si se fía de min, e lle dixen, unha das preguntas que fixen, foi se había débeda neste concello cando se fixo esta modificación de crédito co remanente de tesourería, e contéstame, que dende que nós nos fomos, estábamos ou deixamos de estar, non había préstamos. E léolle o artigo, que di que, ... coas administracións públicas, é dicir, no momento que se aprobou esas modificacións si había débeda. Si. Había débeda. Vale? entón, deixámolo aí, porque vamos seguir. Vamos seguir. E ímolo deixar aí, pero ímoslle dicir que nos contesten a iso por iso volvemos traer a pregunta. É unha pregunta, eh! Vale? que queremos saber e que o



CONCELLO DE BARBADÁS

certifiquen porque ademais saben que Facenda, Seguridade Social, poden certificar se hai débeda nese momento e a unha data concreta como pedimos nós. Pois queremos sabelo se efectivamente está ou non está. E nada máis. Ímonos para casa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Levanto o pleno, que o levanto eu e non a señora Chelo, pero...

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 23:15 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL